

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 6 de agosto de 2007**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> Elena Maure Noia  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D<sup>a</sup> Carmen Silva Rego

**NON ASISTE:**

D. Francisco Xabier Alonso Pérez

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás horas do día de dous mil sete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local acctal., Sr. Riesgo Boluda , e o interventor xeral acctal., Sr. Suárez Sánchez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1433).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión do 16 de xullo de 2007. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

**2(1434).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE BENESTA SOCIAL DURANTE OS MESES DE MAIO-XUÑO DE 2007. EXPTE. 24878/301.**

Mediante escrito da concelleira-delegada da Área de Benestar Social, cumprindo co disposto na base 31 das de execución do presuposto en vigor, dáse conta á Xunta de Goberno local da relación de expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Benestar Social durante os meses de maio-xuño de 2007, e que son os seguintes:

<u>DATA</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>PARTIDA</u>	<u>Nº OPERACIÓN</u>	<u>IMPORTE EUROS</u>	<u>TERCEIRO</u>
07/06/07	INSTALACIÓN ALARMA NO CENTRO DE DÍA "ATALAIA"	2130000	200700033603	429,20	SISTEMAS DE SEGURIDADJL
29/06/07	PUBLICIDADE CONGRESO NACIONAL DE LUPUS	2260200	200700040567	400,00	EXPACONTRA
04/05/07	SESIONES DE BAILE MAIORES	2260804	200700027002	600,00	RICARDO GALLARDO
15/05/07	PROGR. ENVELLECIMIENTO SAUDABLE	2260804	200700029155	1.200,00	FED. VV. EDUARDO CHAO
28/05/07	ACTIV. SENDERISMO	2260804	200700031438	3.049,50	AUTOCARES LA FLORIDA, S.A.L
28/05/07	FORMACION VOLUNTARIADO MAIORES	2260804	200700031783	11.982,00	AULA SISIFO DE FORMACIÓN, S.L.
24/05/07	LIMPEZA UBAS TEIS	2270000	200700031008	3.192,50	LINORSA
06/06/07	APLICACIÓN INFORMÁTICA SAF	2270600	200700033570	6.000,25	INDICADE, S.L.
02/05/07	HONORARIOS POÑENTES XORNADAS PLD	2270608	200700026780	3.120,00	VARIOS
15/05/07	CATERING XORNADAS PLD	2270608	200700029108	882,75	Mª DOLORES FERNANDEZ E HIJOS
15/05/07	COMIDA CONFERENCIANTES PLD	2270608	200700029109	459,00	MARCELINO PAN Y VINO
15/05/07	FLORES ACTO CONFERENCIA PLD	2270608	200700029111	180,00	BARBARA FIGUEROA CARIDE
02/05/07	GASTOS ORGNZ. CAMPIONATO BALONCESTO SPECIAL OLYMPICS. TRANSPORTE EN AUTOCARES	2270609	200700026809	7.896,00	AUTOS GONZALEZ, S.L.
02/05/07	PUBLICIDADE SPECIAL OLYMPICS	2270609	200700026810	2.887,24	GRAFICAS VIGO
02/05/07	ILUMINACIÓN E AUDIOVISUAIS SPECIAL OLYMPICS	2270609	200700026811	1.216,00	PRODUCCIONES EMSAL, S.L.
30/05/07	PUBLICIDAD CAMPAÑA DE BOA MAN	2270609	200700032489	12.000,00	ITRES PUBLICIDAD, S.L.
29/06/07	CAMPAMENTO DE VERAN PERSOAS CON DISCAPACIDADE	2270609	200700040566	6.000,00	FUNDACIÓN IGUAL ARTE
29/06/07	GASTOS ORGANIZ. ACTO ANO EUROPEO DA IGUALDADE	2270609	200700040578	3.000,00	ITRES PUBLICIDAD, SL.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**3(1435).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 22/424, 1/1650, 11/1454, 11/1599, , 21/1814, 21/1796, 3/1681, 3/1691, 3/1686; DENEGACIÓN EXPTE. 22/2141**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes do xefe do Sector de Acción Social, conformados pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

- a) Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:
- D<sup>a</sup>. Carmen Moreira Martínez. Expte. 22/424.
  - D. Aser Gómez Rodríguez. Expte. 1/1650.
  - D<sup>a</sup>. Blanca Celeste Valderrama Gorzo. Expte. 3/1686.
  - D. Claudino Lorenzo Martínez. Expte. 11/1599.
  - D<sup>a</sup>. Consuelo Fernández Rouco. Expte. 11/1454.
  - D. José Tielas Fortes. Expte. 21/1814.
  - D. Alberto C. Abal Torres. Expte. 21/1796.
  - D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Lourdes Varela López. Expte. 3/1681.
  - D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Asunción Pinto Martíns. Expte. 3/1691.
- b) Denegarlle a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D. Juan González Da Silva. Expte. 22/2141.

**4(1436).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O REAL CLUB CELTA DE VIGO SAD, PARA A CELEBRACIÓN DO TROFEO CIDADE DE VIGO DE FÚTBOL 2007. EXPTE. 7101/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do 23.07.07, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 13.07.07, conformado polo concelleiro de Deportes e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobación do texto do convenio para a celebración do Trofeo Cidade de Vigo de Fútbol 2007, entre o Concello de Vigo e o Real Club Celta de Vigo SAD, que se transcribe de seguido.

2º.- Aprobar o gasto de 100.000 euros a favor da entidade Real Club Celta de Vigo SAD con CIF nº A-36609105, consonte co convenio que se achega. O gasto irá con cargo á partida *Cidade Vigo de fútbol* 4521.470.00.00 do vixente orzamento.

CONVENIO EXCMO. CONCELLO DE VIGO E O REAL CLUB CELTA DE VIGO SAD, PARA A CELEBRACIÓN DO TROFEO CIDADE DE VIGO DE FÚTBOL 2007.

En Vigo,                      de                                      de 2007.

REUNIDOS

Dunha parte: O Ilmo. Sr. D. Santiago Dominguez Olveira, Tenente de Alcalde do Excmo. Concello de Vigo..

Doutra parte: D. Carlos Mourino Atanes, DNI 35921669 Q, presidente do Real Club Celta de Vigo SAD con CIF nº: A-36609105

#### MANIFESTAN QUE

Que en aras do interese deportivo que para a cidade de Vigo ten a realización do Trofeo Cidade de Vigo de Fútbol, que cun grande éxito e tradición vense celebrando, o Excmo. Concello de Vigo e o Real Club Celta de Vigo, SAD, conveñen a realización do devandito evento no ano 2007, para o día 8 de agosto de 2007, nos seguintes termos

#### ESTIPULACIÓNS

*PRIMEIRA:* A lexislación aplicable a este convenio é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións; o Real Decreto 2225/1993, de 17 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para a concesión de subvencións públicas, en canto non se opoña ó establecido na LXS; as normas de desenvolvemento da LXS que se aproben, nos termos da súa aprobación; as Bases de execución do orzamento vixente do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

En canto a subcontratación das actividades subvencionadas estarase conforme o establecido no artigo 29 da LXS. Esta subvención ten un clara carácter de interese publico e social polo que a súa concesión se acolle o previsto no artigo 22 2C da Lei 38 de 2003 da LXS, dada a importancia desta manifestación deportiva e a asistencia masiva de publico.

Por outra banda a única entidade que ten capacidade organizativa para desenvolver o 37 Trofeo Cidade de Vigo de Fútbol é o Real Club Celta de Vigo SAD, polo que non cómpre aplicar os principios de publicidade e concorrencia.

O Real Club Celta de Vigo, SAD para obter a condición de beneficiario deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 13 de LXS.

*SEGUNDA:* O Excmo. Concello de Vigo comprométese a:

2.1.- Autorizar a organización do Trofeo Cidade de Vigo de Fútbol ao Real Club Celta de Vigo, SAD, para a celebración do mesmo no ano 2007.

2.2.- A cesión das instalacións municipais necesarias para a celebración do dito evento na data indicada.

2.3.- Aboar o Real Club Celta de Vigo, SAD, a cantidade de 100.000 €, con cargo á partida 4521.470.00.00 "Cidade de Vigo de Fútbol" do orzamento da Concellería de Deportes. Este pagamento realizarase á entidade Real Club Celta de Vigo, SAD nun ingreso único na conta bancaria 20800000720040049046. O pagamento realizarase tralo informe técnico do servizo de Deportes de que se desenvolveu a actividade consonte co disposto neste convenio, acreditando o desenvolvemento do evento. E trala rendición, por parte do Real Club Celta de Vigo, SAD, da conta xustificativa incluíndo as facturas orixinais que acrediten o cumprimento da subvención. O Servizo de deportes a través do seu servizo técnico controlará o correcto desenvolvemento da actividade.

A xustificación da subvención farase consonte co disposto na Lei LXS.

*TERCEIRA.*- O Real Club Celta de Vigo, SAD asume as seguintes obrigas:

- 3.1.- Organizar o Trofeo Cidade de Vigo de Fútbol 2007, asumindo a responsabilidade da boa marcha do mesmo.
- 3.2.- En toda a publicidade do evento figurará o logo do Concello de Vigo-Concellería de Deportes.
- 3.3.- O Real Club Celta de Vigo, SAD, porá a disposición da Concellería de Deportes 5,000 invitacións para a promoción do evento na Cidade.
- 3.4.- Todos os medios de promoción e difusión, deberán de empregar o Galego coma idioma oficial do evento.
- 3.5.- Asumir tódalas responsabilidades derivadas da organización do evento.
- 3.6.- Achegar a Concellería de Deportes, unha vez rematado o evento, a correspondente conta xustificativa con facturas orixinais.
- 3.7.-Cumprir tódalas normas establecidas no clausurado do convenio.
- 3.8.- Responder da veracidade dos datos da solicitude.

*CUARTA:* A Concellería de Deportes aportará os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.

A aceptación por parte da Real Club Celta de Vigo, SAD, implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades deportivas.

O órgano instructor poderá solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

Unha vez concedidas as subvencións, o Concello de Vigo a través dos seus servicios municipais, poderá comprobar o correcto destino da subvención, procedendo de se lo caso, á revogación da subvención outorgada e a inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar axudas do Concello de Vigo. A concesión da subvención implica a aceptación por parte dos adxudicatarios das obrigas sinaladas no dito artigo 14 da LXS.

*QUINTA:* O seguimento da execución deste Convenio será realizado pola Concellería de Deportes do Excmo. Concello de Vigo, comprometéndose o Real Club Celta de Vigo, SAD a facilitar o dito labor: debendo o técnico encargado emitir Certificación da realización do evento, previa ao pagamento da cantidade sinalada na disposición 2.3.

*SEXTA:* A vixencia do presente convenio é para a realización da edición do ano 2007 do Trofeo Cidade de Vigo, que se desenvolverá o día 08 de agosto de 2007.

*SÉTIMA:* O Concelleiro de Deportes, queda facultada para solucionar posibles controversias derivadas da execución e interpretación do convenio.

*OITAVA:* As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 37 da LXS.

*NOVENA:* Serán gastos subvencionables todos os directamente relacionados coa realización da actividade subvencionada -XXXVII Trofeo Cidade de Vigo de Fútbol 2007. Incluíndose os que figuran na memoria económica presentada polo Real Club Celta de Vigo SAD, e que figura neste expediente. Se entenden gastos subvencionables o Gastos de Xogadores, Gastos de Instalacións, Gastos de Deprazamento do equipo visitante así como o seu aloxamento e manutención.

*DÉCIMA:* A entidade R. C. Celta de Vigo, deba comunicar o Concello de Vigo calquera subvención que reciba para a organización do Torneo Cidade de Vigo de Fútbol 2007.

**5(1437).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE PARA REALIZAR O 24º TORNEO CIDADE DE VIGO DE HOCKEY 2007. EXPTE. 7005/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do 26.07.07, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 16.07.07, conformado polo concelleiro de Deportes e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro: Aprobación do texto do convenio para a celebración do 24º Torneo Cidade de Vigo de Hóckey 2007, entre o Concello de Vigo e a Federación Galega de Patinaxe, que se achega ao presente expediente.

Segundo: Aprobar o gasto de 45.000 Euros, a favor da entidade; Federación Galega de Patinaxe CIF: G-15070451. Con enderezo en Camiño de Pozos, 1 Vigo 36209. con cargo á partida 4521.489.00.01 do vixente orzamento. Todo isto consonte co convenio que se achega.

Terceira: Aprobar o seguinte procedemento de pago en cumprimento do convenio de colaboración, e de acordo as características especiais deste evento, dados os gastos previos a actividade que ten a organización:

- 50% (22.500 euros) do importe total proposto, sera abonado á Federación Galega de Patinaxe á sinatura do presente convenio, cara a poder afrontar os primeiros gastos de organización.
- resto do importe abonarase directamente á entidade Federación Galega de Patinaxe CIF: G-15070451, trala rendición da Conta Xustificativa correspondente, tal como establece na clausula décima do presente convenio.

*CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE PARA A CELEBRACIÓN DO 24 TORNEO CIDADE DE VIGO DE HOQUEI SOBRE PATÍNS 2007*

*No Concello de Vigo, de de dous mil sete*

*Dunha parte o Ilmo. Sr. D. Santiago Dominguel Olveira, Tenente de Alcalde do Excmo. Concello de Vigo*

*E doutra parte D. Julio Saenz Fernández, con DNI: 32.337.930 en nome e representación da Federación Galega de Patinaxe*

*Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente con capacidade e competencia para formalizar o presente Convenio.*

*EXPOÑEN :*

*Que en aras do interese deportivo que para a cidade de Vigo ten a realización do Torneo Cidade De Vigo de Hoquei sobre Patíns, que con grande éxito vense celebrando dende hai 23 edicións, o Excmo. Concello de Vigo e a Federación Galega de Patinaxe conveñen a realización do mesmo, nos seguintes termos:*

*ESTIPULACIÓNS*

Primeira: A lexislación aplicable a este convenio é a que sinala o artigo 5 da LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións; o Real Decreto 2225/1993, de 17 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para a concesión de subvencións públicas, en canto non se opoña ó establecido na LXS; as normas de desenvolvemento da LXS que se aproben, nos termos da súa aprobación; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2007; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

En canto a subcontratación das actividades subvencionadas estarase conforme o establecido no artigo 29 da LXS.

Esta subvención ten un clara carácter de interese público e social polo que a súa concesión se acolle o previsto no artigo 22 2C da Lei 38 de 2003 da LXS, dada a importancia desta manifestación deportiva e a asistencia masiva de público.

Por outra banda é a única entidade que ten capacidade organizativa para desenvolver o 24 Torneo Cidade de Vigo de Hóckey Patíns é a Federación Galega de Patinaxe, polo que non cómpre aplicar os principios de publicidade e concorrencia.

A Federación Galega de Patinaxe para obter a condición de beneficiario deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 13 de LXS.

Segunda.- O Excmo. Concello de Vigo comprométese a:

- 2.1.- Autorizar a organización do Torneo Cidade de Vigo de Hockei 2007 a Federación Galega de Patinaxe os días 7 e 8 de setembro de 2007.
- 2.2.- A cesión das instalacións deportivas municipais necesarias durante as datas de celebración do Torneo Cidade de Vigo de Hoquei sobre patíns.
- 2.3.- Aboar á Federación Galega de Patinaxe os gastos relacionados coa organización e celebración do Torneo por unha cantidade de 45.000 Euros, con cargo á partida 4521.489.00.01 "Subvencións Actividades Deportivas" da Concellería de Deportes do vixente orzamento, co seguinte procedemento de pago:

O 50% (22.500 euros) do importe total proposto, será abonado á Federación Galega de Patinaxe á sinatura do presente convenio, cara a poder agrontar os primeiros gastos de organización por parte da Federación Galega de Patinaxe.

O resto do importe abonarase directamente á entidade Federación Galega de Patinaxe CIF: G-15070451, coa certificación e presentación de facturas orixinais polo importe total da cantidade prevista no presente convenio que acrediten o cumprimento da subvención, e trala rendición da conta xustificativa correspondente. Tal como se establece na cláusula décima deste convenio

Terceira.- A Federación Galega de Patinaxe, asume as seguintes obrigas:

- 3.1 *Organizar o Torneo Cidade de Vigo de Patinaxe no ano 2007.*
- 3.2 *Asumir as responsabilidades derivadas da organización do evento.*
- 3.3 *En tódala información e publicidade do evento figurará o logo da Concellería de Deportes. Así mesmo na instalación onde se celebre o evento figurará unha pancarta da Concellería de Deportes.*
- 3.4 *A organización porá a disposición da Concellería de Deportes un mínimo de 1.000 invitacións para promover o evento entre os colexios da cidade.*
- 3.5 *Tódolos medios de promoción e difusión, deberán empregar o galego como idioma oficial do Torneo Cidade de Vigo de Hockei.*
- 3.6 *Cumprir tódalas normas establecidas no clausurado do convenio*
- 3.7 *Responder da veracidade dos datos da solicitude*

Cuarta : *O seguimento da execución do presente Convenio será realizado pola Concellería de Deportes. A Concellería de deportes, aportará os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.*

*A aceptación por parte da F.G. de Patinaxe da subvención implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades deportivas sen fin de lucro.*

*O órgano instructor poderá solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.*

*Unha vez concedida a subvención, o Concello de Vigo a través dos seus servicios municipais, poderá comprobar o correcto destino da subvención, procedendo de se lo caso, á revogación da subvención outorgada e a inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar axudas do Concello de Vigo.*

*A concesión da subvención implica a aceptación por parte dos adxudicatarios das obrigas sinaladas no dito artigo 14 da LXS.*

Quinta: *Así mesmo acordan que tódolos ingresos derivados de venda de entradas, así como calquera outro ingreso proveniente do referido Torneo Cidade de Vigo de Hoquei sobre patíns 2007 serán percibidos en beneficio da Federación Galega de Patinaxe.*

Sexta: *O prazo de vixencia do devandito convenio é para a realización da 24 Edición do Torneo Cidade de Vigo de Hockei 2007.*

Sétima: *O Concelleiro de Deportes do Concello de Vigo queda facultada para solucionar posibles controversias da execución e interpretación do convenio.*

Oitava: *As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 37 da LXS.*



Novena: A F.G. de Patinaxe, deberá comunicar o Concello de Vigo calquera subvención que reciba para a organización do Torneo Cidade de Vigo de Hóckey sobre patíns.

Décima: Serán gastos subvencionables todos os directamente relacionados coa realización da actividade subvencionada, dos recollidos no orzamento presentado pola F.G. De Patinaxe.

O beneficiario xustificará a concesión outorgada coa presentación dunha conta xustificativa que contendrá:

- a) Unha relación clasificada dos gastos realizados, con identificación do acredor, concepto de gasto, importe e data de emisión.
- b) Facturas orixinais do gasto incorporados na relación anterior, polo importe da subvención, nas cales deberá constar a conformidade co servizo prestado, por parte da entidade deportiva.
- c) Un certificado actualizado doutros ingresos ou subvencións que teñan financiado a actividade, con indicación do importe e a súa procedencia.

O técnico do Servizo de Deportes encargado do seguimento do convenio certificará a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

O prazo máximo para xustificar será de tres meses dende o remate da actividade subvencionada.

Así o conveña no lugar e data no encabezamento expresados e asinan por duplicado no presente documento.

**6(1438).- SOLICITUDE DO CLUB DE PETANCA CELTA DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR DA III EDICIÓN DO EVENTO “24 HORAS DE PETANCA”, OS DÍAS 15-16 DE AGOSTO NO PARQUE DAS COUTADAS. EXPTE. 7088/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 12.07.07, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Petanca Celta a organizar os vindeiros 15 e 16 de agosto as III 24 horas, dita proba se desenvolvera no Parque das Coutadas (Teis) . O dito evento desenvolverase dende as 16 horas do día 15 de agosto e ata as 18 horas do día 16 de agosto, de xeito ininterrompido.

**7(1439).- SOLICITUDE DE PRADO SURF CLUB PARA REALIZAR A 7ª EDICIÓN DO OPEN SKATE CIDADE DE VIGO –O MARISQUIÑO- OS DÍAS 11 E 12 DE AGOSTO NO PASEO NÁUTICO. EXPTE. 7085/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 16.07.07, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Prado Surf Clube, a organizar os vindeiros 11 e 12 de agosto do 2007, a 7ª EDICION DO OPEN SKATE CIDADE DE VIGO -O MARISQUIÑO- , a celebrar no Paseo do Náutico na rúa Cánovas del Castillo, en horario de 10 a 3 horas.

**8(1440).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL XERAL.**

**9(1441).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.**

**10(1442).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.**

**11(1443).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.**

**12(1444).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDA OU DE QUE ENTENDA A ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO OU A DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS A INSTANCIA DE PARTE.**

**13(1445).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS RELATIVAS Ó SERVICIO DE TRANSPORTE URBANO DE VIAXEIROS EN AUTOMÓBILES E LIXEIROS DE ALUGUER CON CONDUCTOR (AUTOTAXIS E VEHÍCULOS ESPECIAIS OU DE ABONO).**

**14(1446).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS SERVICIOS ESPECIAIS POR ESPECTÁCULOS E TRANSPORTES.**

**15(1447).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS, PREVENCIÓN DE RUINAS DE CONSTRUCCIÓN, SALVAMENTOS E OUTROS ANÁLOGOS.**

**16(1448).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS OU TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVICIOS DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS.**

**17(1449).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA INMOBILIZACIÓN, RETIRADA, DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS.**

**18(1450).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA DO LIXO.**

**19(1451).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE INSPECCIÓN SANITARIA E OS DE ANÁLISES QUÍMICAS, BACTERIOLÓXICAS E CALQUERA OUTRAS DA MESMA NATUREZA., QUE OBRA NO PRESENTE EXPEDIENTE.**

20(1452).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVICIOS DE SANIDADE PREVENTIVA, DESINFECCIÓN, DESINSECTACIÓN, DESRATIZACIÓN E DESTRUCCIÓN DE CALQUERA CLASE DE MATERIAS E PRODUCTOS CONTAMINANTES OU PROPAGADORES DE XERMES NOCIVOS PARA A SAÚDE PÚBLICA PRESTADOS A DOMICILIO OU POR ENCARGO, QUE OBRA NO PRESENTE EXPEDIENTE.

21(1453).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PRESTADO POLO DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL.

22(1454).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE LIMPEZA DE POZOS NEGROS, FOSAS SEPTICAS, SOLARES, E SERVICIOS SIMILARES ASÍ COMO A RECEPCIÓN DE RESIDUOS NA PRANTA DE TRANSFERENCIA.

23(1455).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DAS ESCOLAS DE 1ª ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL.

24(1456).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL OU UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL.

25(1457).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO LOCAL CON INSTALACIÓN DE QUIOSCOS.

26(1458).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA CON ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA EN DETERMINADAS RÚAS MUNICIPAIS.

27(1459).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS E TAXAS POLA CONCESIÓN DE LICENZAS PARA CONSTRUCCIÓN, OBRAS E INSTALACIÓN TRAMITADAS POLA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO ASÍ COMO POLA ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO QUE FIGURA NO PRESENTE EXPEDIENTE.

28(1460).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR LICENZAS DE ACTIVIDADES E INSTALACIÓN QUE FIGURA NO PRESENTE EXPEDIENTE.

29(1461).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS SERVICIOS QUE PRESTA O ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL PARQUE DAS CIENCIAS “VIGO-ZOO” A TRAVÉS DO SEU PARQUE ZOOLÓXICO.

30(1462).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE

**SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS QUE FIGURA NO PRESENTE EXPEDIENTE.**

**31(1463).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DE ENSINANZAS ESPECIAIS E OUTRAS ACTIVIDADES EN ESTABLECEMENTOS MUNICIPAIS.**

**32(1464).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, PERTECENTES O “INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES.**

A Xunta de Goberno local retira os expedientes do nº 8 ó nº 32 da orde do día.

**33(1465).- PADRÓN FISCAL DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES. EXPTE. 36276/512.**

Examinadas as actuacións do expediente do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Admón. de Tributos, do 31.07.07, conformado pola directora de ingresos, o interventor xeral acctal., e o Excmo. Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

1º- Aprobar o Padrón do Imposto sobre bens inmobles de natureza urbana do ano 2007 por importe de 45.992.764,20 € segundo relación que comeza por Covelo Montenegro Clotilde e remata por Calviño Rodríguez Dolores.

2º- Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes. Pódese interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao de finalización do período voluntario de pago.

**34(1466).- PADRÓN FISCAL DO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS. EXPTE. 36046/516.**

Examinadas as actuacións do expediente do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Admón. de Tributos, do 31.07.07, conformado pola directora de ingresos, o interventor xeral acctal., e o Excmo. Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

1º- Aprobar o Padrón do Imposto sobre actividades económicas do Municipio de Vigo para o ano 2007 por importe total 11.626.027,34 dos cales 10.261.501,39.- Euros corresponden a cota municipal e 1.364.525,95,- euros o Recargo provincial que contén 3.917 inscricións, comezando "REMAR GALICIA" epígrafe 6531. e rematando por ZURICH ESPAÑA COMPAÑIA DE SEGUROS Y REAS epígrafe 822”.

2º- Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, poidéndose interpoñer contra ditos actos recurso de reposición ante o organo que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

**35(1467).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO-CVC DE VALADARES PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO POLBO 2007. EXPTE. 2305/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do 31.07.07, e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Animación Sociocultural, do 26.07.07, conformado polo concelleiro de Cultura e Animación Sociocultural e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º. - Aprobar o proxecto de convenio, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e o Centro Veciñal e Cultural de Valadares para a organización da Festa do Polbo que terá lugar o día 12 de agosto no Monte dos Pozos en Valadares.

2º.- Facultar ó concelleiro de Cultura e Animación Sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Autorizar e dispoñer un gasto por un importe total de 9.000.-euros, a favor do Centro Veciñal e Cultural de Valadares, CIF G-36805158, mediante transferencia bancaria á conta corrente núm 2080 0082 48 0040007435, domiciliada na entidade Caixanova, en concepto do estipulado no convenio, con cargo partida 4512 22606805 (festas de Vigo) do programa presupostario de Animación Cultural para o vixente exercicio.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO- CVC DE VALADARES PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS*

Vigo, agosto dous mil sete.

*REUNIDOS*

*Dunha parte, D. XESUS LÓPEZ CARREIRA, CONCELEIRO DE CULTURA E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL, e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n; no sucesivo O CONCELLO.*

*Doutra parte, D. GREGORIO ALVAREZ PEREIRA, PRESIDENTE e en representación do CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALADARES, CIF G-36805158, con domicilio na cidade de Vigo, Estrada xeral de Valadares, 233; no sucesivo A ENTIDADE.*

*MANIFESTAN*

*1. Que O CONCELLO organiza o programa de actividades e espectáculos das “Festas do Cristo da Victoria 2007”, que se celebran nos meses de xullo e agosto na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar e desenvolver a oferta cultural que se lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de ensalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón, así como o noso folclore e cultura popular.*

*2. Que A ENTIDADE organizou nos últimos anos a “Festa do Polbo” , no monte dos Pozos de Valadares, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns, e está en condicións de organizar a presente edición.*

3. Que O CONCELLO está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posible de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

4. Que dende o ano 1996 se asinaron convenios de colaboración entre ámbalas entidades para desenvolver esta mesma actividade, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ámbalas partes.

Por este motivo, o Concello de Vigo e a mencionada entidade establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

#### CLÁUSULAS

*PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é establecer a relación entre A ENTIDADE e O CONCELLO, para a coorganización de actividades socioculturais, concretamente a “Festa do polbo” no monte dos Pozos, según o programa presentado.*

*SEGUNDA.- Os compromisos que asume O CONCELLO con respecto á ENTIDADE son os seguintes:*

*Achegar a cantidade de 9.000.-euros con cargo á partida 4512 22606805 (festas de Vigo) do programa orzamentario de Animación Sociocultural para o vixente exercicio, para a coorganización da Festa do Polbo no monte dos Pozos de Valadares.*

*Colaborar na organización das actividades en xestións como presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.*

*CONCELLO achegará un total de 500 carteis con motivo da “Festa do Polbo”, que lle serán entregados á ENTIDADE para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.*

*Incluír a Festa do Polbo na campaña de publicidade que O CONCELLO realice con motivo do programa das “Festas do Cristo da Victoria 2007”.*

*TERCEIRA.- As obrigas que asume A ENTIDADE son as seguintes:*

- 1. Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesario para tal fin, seguro de responsabilidade civil, así como cumprir os programas que figuran como anexo .*
- 2. Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os especificados como responsabilidade do CONCELLO na cláusula anterior.*
- 3. Deberá obter todos os permisos e autorizacións necesarias para a realización destas actividades.*
- 4. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, tendo comprobado con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.*
- 5. Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste convenio.*
- 6. Presentarlle ao Concello a memoria do programa das actividades obxecto deste convenio, dentro dos 15 días seguintes á súa finalización, onde figurarán como mínimo os seguintes datos: datos globais de participación, balance económico con detalle dos gastos e ingresos realizados. Os gastos se acreditarán mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurífico mercantil ou eficacia administrativa e máis un informe xeral de incidencias.*

*CUARTA.- O custo total da realización destas actividades, segundo o orzamento presentado pola ENTIDADE e que figura no anexo II do presente convenio, ascende a un importe total de 28.470 euros.*

*QUINTA.- As actividades obxecto deste convenio están destinadas ao público en xeral, e o seu acceso será público e gratuito; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos/as usuarios: billetes, entradas,...*

*Por este motivo, A ENTIDADE proporalle ao CONCELLO os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade das concellarías correspondentes. A ENTIDADE deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visible, o listado de prezos de venda ao público.*

*Para tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A ENTIDADE proporalle ao CONCELLO os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.*

*SEXTA.- O CONCELLO aboará o pagamento estipulado na cláusula segunda do convenio nove mil euros (9.000.- euros), mediante transferencia bancaria á conta corrente núm 2080 0082 48 0040007435, domiciliada na entidade Caixanova e da que é titular A ENTIDADE. Para liquidar o pagamento, A ENTIDADE presentará solicitude do pagamento e a memoria-avaliación das actividades segundo o estipulado na cláusula terceira, apartado 6, dentro dos 15 días seguintes á súa finalización. O pagamento realizarase previa certificación da responsable técnica da Concellaría de Animación Sociocultural ao cumprimento do clausulado do presente convenio.*

*SÉTIMA.- O mecanismo de seguimento deste convenio realizarase mediante a presenza de persoal técnico do CONCELLO durante o desenvolvemento destas actividades, así como en base ás memorias e documentación que presente A ENTIDADE.*

*OITAVA.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego. En toda a información figurarán os logotipos do CONCELLO e A ENTIDADE, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do CONCELLO e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.*

*NOVENA.- O CONCELLO non asume ningún outro compromiso dos recollidos no presente convenio.*

*DÉCIMA.- A vixencia do presente convenio será ata o 31 de decembro de 2007. Así mesmo, non será prorrogable.*

*DÉCIMO PRIMEIRA.- O concelleiro de Cultura e Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.*

*E en proba de conformidade, asinan por triplicado e para un só efecto o presente convenio, no lugar e data que se indican.*

**36(1468).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL, DURANTE O MES DE XUÑO DE 2007. EXPTE. 2302/335.**

Mediante providencia do concelleiro de Cultura e Animación Sociocultural, en cumprimento coa base 31 das de execución do presuposto xeral do Concello de Vigo, dáse conta da relación de expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Festas e Animación Sociocultural durante o mes de xuño de 2007, que son os seguintes:

EXPTE. 2275/335. CONTRATACION PRODUCCION TECNICA CONCERTO JULIETA VENEGAS

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 15-06-07

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 36145

ADXUDICATARIO: PRODUCCION E XESTION CULTURAL SL

IMPORTE: 11.970,55€

EXPTE. 2266/335. CONTRATACION SERVIZO DISTRIBUCIÓN E PEGADA DE CARTEIS FESTAS CRISTO VICTORIA 2007

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 13-06-07

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 35778

ADXUDICATARIO: M<sup>a</sup> MONTSERRAT TRIÑANES GARCIA

IMPORTE: 4.872,00 €

EXPTE. 2272/335. CONTRATACION ACTIVIDADES INFANTIS PROGRAMA V3 FESTAS VIGO 2007

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 13-06-07

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 35388

ADXUDICATARIO: PEDRO VAZQUEZ TABOADA

IMPORTE: 2.836,20 €

EXPTE. 2271/335. CONTRATACION DIVERSOS ESPECTACULOS PROGRAMA V3 FESTAS VIGO 2007

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 13-06-07

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 35358

ADXUDICATARIO: TROULA ANIMACION SL

IMPORTE: 6.855,60,00 €

EXPTE. 2267/335. GASTOS VARIOS OU IMPREVISTOS PROGRAMACION FESTAS DO CRISTO 2007

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 13-06-07

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 35355

ADXUDICATARIO: VARIOS

IMPORTE: 12.000,00 €

EXPTE. 2259/335. MONTAXE E DESMONTAXE ESTRUCTURAS AUDITORIO CASTRELOS FESTAS CRISTO 2007

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 08-06-07

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 33455

ADXUDICATARIO: PRODUCCION E XESTION CULTURAL SL

IMPORTE: 11.663,73 €

EXPTE. 2258/335. CONTRATACION MATERIAL GRAFICO PARA DIFUSION FESTAS DO CRISTO 2007

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 01-06-07



INFORME INTERVENCIÓN: RC. 33456  
 ADXUDICATARIO: CANAL UNO comunicación SL  
 IMPORTE: 11.978,16,00 €

EXPTE. 2265/335. CONTRATACION SERVIZO VENTAS ENTRADA FESTAS DO CRISTO 2007  
 DECRETO CONCELLEIRO DATA: 13-06-07  
 INFORME INTERVENCIÓN: RC. 35354  
 ADXUDICATARIO: ROMAN MARTINEZ BOUZON  
 IMPORTE: 3.526,40 €

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**37(1469).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.**

Examinados os xustificantes de libramentos remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINT.	S/FA-VOR
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	022514	5.000,00	4.497,61	502,39	----
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	036508	1.200,00	1.160,00	40,00	----
BERNARDEZ GIL SELA	001198	6.000,00	5.996,66	3,34	----
CASTILLO MARTIN CARMELO	020868	3.000,00	2.961,55	38,45	----
CODESIDO RODRIGUEZ JOSE FELIPE	020699	150,00	----	150,00	----
CODESIDO RODRIGUEZ JOSE FELIPE	020701	350,00	273,57	76,43	----
CODESIDO RODRIGUEZ JOSE FELIPE	020704	231,39	231,39	----	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	020694	450,00	450,00	----	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	020695	300,00	178,17	121,83	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	020696	311,80	306,77	5,03	----
ESPADA RE CAREY LUIS	016273	7.572,60	7.572,60	----	----
FERNANDEZ RIOBO MIGUEL	020871	500,00	500,00	----	----
GONZALEZ DOMINGUEZ LUZ MARIA	033716	239.800,00	239.800,00	----	----
LOPEZ MOURE JESUS	022327	8.526,00	8.526,00	----	----
LOPEZ MOURE JESUS	024466	48.371,30	48.371,30	----	----
LOPEZ MOURE JESUS	029098	15.000,00	15.000,00	----	----
LOPEZ MOURE JESUS	030948	5.626,00	5.626,00	----	----
OTERO BARBERENA HENRIQUE	020876	500,00	500,00	----	----
QUINTELA RODRIGUEZ Mª JOSE	031784	160,00	160,00	----	----
RODRIGUEZ REY ALBERTO	026807	182,47	182,47	----	----
RODRÍGUEZ REY ALBERTO	026808	247,00	247,00	----	----
SALVADORES CANEDO TERESA	030945	2.500,00	1.930,55	569,45	----

SAN LUIS COSTAS AVELINO	006000	1.500,00	848,06	651,94	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	010430	4.000,00	3.821,34	178,66	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	010431	2.000,00	1.491,66	508,34	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	027650	130.322,08	130.229,28	92,80	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	028317	4.000,00	3.074,95	925,05	----
SOTO ALVAREZ CARLOS	021616	5.625,00	5.625,00	----	----
SOTO ALVAREZ CARLOS	027510	3.000,00	2.123,18	876,82	----
		496425,64	491685,11	4740,53	

TOTAL XUSTIFICADO..... 491.685,11

**38(1470).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A D. MANUEL LORENZO MURADAS CONSTITUÍDO CON MOTIVO DE RESERVA ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA POR OBRAS NA RÚA PROGRESO, 2. EXPTE. 73802/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Mobilidade e Seguridade, do 20.07.07, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 30 de xuño de 2005 por MANUEL LORENZO MURADAS, .SA, con NIF A-36630754 por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa PROGRESO, N° 2, por non producirse danos.

**39(1471).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A CAMPO GANOY S.L. UTE CONSTITUÍDO CON MOTIVO DA RESERVA ESPECIAL DE VÍA PÚBLICA POR OBRA NA RÚA ROMIL, 34-36. EXPTE. 73803/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Mobilidade e Seguridade, do 20.07.07, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 8 de xuño de 2004 por CAMPO GANOY, S.L UTE, con NIF G-36932200 por un importe de 12.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa ROMIL, 34-36, por non producirse danos.

**40(1472).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A SERVIZIOX MARSERO GALICIA S.L. CONSTITUÍDO CON MOTIVO DE RESERVA ESPEICLA DE VÍA PÚBLICA POR OBRA NA RÚA ARQUITECTO XOSÉ BAR BOO, 14. EXPTE. 73838/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Mobilidade e Seguridade, do 30.07.07, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 21 de febreiro de 2005 por SERVICIOS MARSERO GALICIA, S.L, con NIF B-36.903.714 por un importe de 1,500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa ARQUITECTO XOSÉ BAR BOO, 14, por non producirse danos.

**41(1473).- SOLICITUDE DA AGRUPACIÓN DE FESTAS DE VIGO PARA CELEBRAR A FESTA DE SAN ROQUE, OS DÍAS DO 15 Ó 18 DE AGOSTO. EXPTE. 73845/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Mobilidade e Seguridade, do 31.07.07, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

AUTORIZAR á AGRUPACIÓN DE FESTAS DO CONCELLO DE VIGO á ocupación do espazo sinalado no plano achegado para a celebración das FESTAS DE SAN ROQUE, na rúa Filipinas, na fronte do muro da propia finca de San Roque e até a rúa Rola e sen que en ningún caso sobrepase a mediana da rúa debendo deixar libre en todo caso cinco metros durante os vindeiros días 15, 16, 17 e 18 de agosto de 2007, podendo iniciar a montaxe o día 13, sempre que sexa debidamente delimitado e sinalizado, de conformidade coa normativa vixente en materia de seguridade vial, para o libre tránsito de persoas e vehículos no seu contorno, con paso suficiente para os vehículos de urxencia e sen ocupar ou invadir as vías públicas, camiños de servizo ou accesos que non estean expresamente autorizados.

Asimesmo e para os efectos de seguridade vial considérase procedente que non se permita o tráfico rodado no horario de celebración da festa na rúa Filipinas entre a rúa Couto de San Honorato e a Baixada a San Roque.

Deberase sinalizar e balizar o contorno afectado de conformidade coa normativa actual en materia de Tráfico e Seguridade Vial tanto de día como de noite. Así mesmo, deberase dar a suficiente difusión pública das modificacións puntuais do tráfico mediante a publicación do bando correspondente.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, raandeiras, carruseis, tiro o blanco e outras similares.

Axustaranse asimesmo, ás seguintes normas:

Horario máximo autorizado: 3,30 horas, coas ampliacións previstas na Orde de 16 de xuño de 2005, pola que se determinan os horarios de aperturas e peche dos espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 117, de 20 de xuño de 2005)

Límite transmisión ruidos: non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibración, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.

Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, una vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento as normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

Os organizadores deberán dar cumprimento ó disposto no acordo plenario de data 27 de novembro do 2000, en canto non ocupar máis espazo do autorizado, limitar a celebración ós días autorizados e producir as menores molestias posibles ós veciños.

A ocupación non exterior da finca de San Roque só se autorizará dous días antes das datas autorizadas e o día seguinte con obxecto de instalar e desinstalar os postos.

O aparcamento dos vehículos correspondentes ós titulares da organización e participantes nas actividades das festas, farase principalmente non lateral da Avda. de Madrid anexo á Finca de San Roque.

**42(1474).- SOLICITUDE DE SUSPENSIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 23.05.07 DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ESTACIONAMENTO REGULADO MEDIANTE EXPENDEDORES DE TIQUETS NA VÍA PÚBLICA. EXPTE. 72171/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Área de Mobilidade e Seguridade, do 1.08.07, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

*- A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 23 de maio de 2007 adoptou o acordo de adxudicación do contrato de xestión de servizo público de estacionamento regulado mediante expendedores de tiquets na vía pública (XER) expte 72171/210 á empresa Dornier, S.A.*

*- Contra o citado Acordo a entidade mercantil Setex-APARKI, S.A, presenta recurso de reposición en data 6 de xullo de 2007 no cal solicita que se deixa sen efecto o Acordo impugnado, realizando unha nova adxudicación con exclusión da entidade Dornier, S.A e de aqueles licitadores cujas ofertas non cumpran os requisitos de proximidade establecido na cláusula V4 do Prego de condicións técnicas ou subsidiariamente se declare a nulidade do procedemento de adxudicación ben a celebración íntegra dun novo procedemento de contratación.*

*- Solicitan así mesmo a suspensión do acordo impugnado ao amparo do disposto no artigo 111 da Lei 30/1992, pero sen especificar os motivos que xustifican a suspensión do citado acto.*

*No artigo 111 citado establécese que "el órgano a quien compete resolver el recurso, previa ponderación, suficientemente razonada, entre el perjuicio que causaría al interés público o a terceros la suspensión y el perjuicio que se causa al recurrente como consecuencia de la eficacia inmediata del acto recurrido, podrá suspender de oficio o a solicitud del recurrente, la ejecución del acto impugnado cuando concurren alguna de las siguientes circunstancias:*

*a-. Que la ejecución pudiera causar perjuicios de imposible o difícil reparación.*

*b-. Que la impugnación se fundamente en alguna de las causas de nulidad de pleno derecho previstas en el artículo 62,1 de esta Ley."*

*Pois ben, do exame do expediente así como do contido das alegacións formuladas pola empresa recurrente non se desprende que se den algunha das circunstancias recollidas no citado artigo 111 para acordar a suspensión co acordo recurrido.*

*Polo que se somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

*Desestimar a solicitude de suspensión do acordo da Xunta de Goberno Local de data 23-05-2007 polo que se acorda adxudicar a contratación da Xestión do servizo público de estacionamento regulado mediante expendedores de tiquets na vía pública (XER) á empresa Dornier, S.A, formulado pola empresa SETEX APARKISA, por non apreciarse que se de no presente expediente ningunha das circunstancias recollidas no artigo 111 da Lei 30/92 de réximen xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**43(1475).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADQUISICIÓN DUNHA AUTOBOMBA FORESTAL E VEHÍCULO DE ALTURA. EXPTE. 641/213.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta da técnica de Admón. Especial, do 10.07.07, conformado polo xefe da Área de contratación e Novos Proxectos, o concelleiro delegado de Seguridade e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 1.100.000 euros euros para a subministración dunha autobomba forestal pesada e un vehículo de altura que se imputarán á partida presupuestaria 22216240000 do vixente presuposto (550.000 euros) e do ano 2008 (550.000 euros).

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministracións polo Excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 17.01.2007 e o prego de prescripción técnicas para a subministración dunha autobomba forestal pesada e un vehículo de altura.

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación ordinaria.

**44(1476).- ALLEAMENTO DE 63 VEHÍCULOS DO DEPOSITO MUNICIPAL PARA CHATARRA. EXPTE. 1900/241.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 26.07.07, conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos e o concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Allear para chatarra 63 vehículos que se atopan no depósito municipal (que figuran en relación adxunta), solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumpri-las seguintes condicións:

- As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).
- Non se fixa tipo de licitación, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.
- Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo secciona-los bastidores antes da retirada, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da

data de notificación do acordo de adxudicación), debendo presenta-lo xustificante do abono do prezo.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello.

**45(1477).- ACLARACIÓN DO ACORDO DE ADXUDICACIÓN DO LOTE 2 PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS DE CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DE APARCADOIRO SUBTERRÁNEOS. EXPTE. 1918/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, do 18.07.07, conformado polo concelleiro delegado de Contratación, que di o seguinte:

*D. Luís García Vegazo, en representación de Puentes y Calzadas Grupo de Empresas, S.A., presenta, no Rexistro Xeral do Concello con data 21 de xuño de 2007, escrito no que manifesta o seguinte:*

- 1. Que resultaron adxudicatarios do concurso para a concesión do servizo público de redacción de proxectos de construción e explotación dos aparcamentos subterráneos do denominado lote 2 por acordo da Xunta de Goberno Local de 21 de maio de 2007.*
- 2. Que cumpriron coa denominación de Puentes y Calzadas, S.A. os requisitos de pago dos anuncios publicados nos diarios oficiais e a prestación da garantía definitiva.*
- 3. Que no acordo de adxudicación se menciona á empresa Puentes y Calzadas, S.A. exclusivamente cando ésta na súa proposición, no tomo correspondente á memoria, apartado 3, relativo ó plan económico financeiro, apartado 2, 3.2 de detalles de fontes de financiación consta o compromiso de constituir, no suposto de que fosen adxudicatarios, unha sociedade anónima unipersoal que se denominaría Cocheras Olívicas de Puentes, S.A. (Unipersoal).*

*Por iso suplican do órgano de contratación unha aclaración ó respecto ó acordo de adxudicación de 21 de maio de 2007 no sentido de autoriza-la constitución da Sociedade Anónima, a cal unha vez constituída substituirá os avais constituídos como garantía definitiva.*

*Unha vez comprobados que os extremos que fan referencia á constitución dunha Sociedade Anónima de carácter Unipersoal e que constan na documentación presentada pola entidade Puentes y Calzadas, S.A., procede e así se PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, na súa calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo, a adopción do seguinte acordo:*

*“Entender que o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de 21 de maio de 2007 polo que adoptouse a adxudicación da concesión do servizo público de redacción de proxectos de construción e explotación dos aparcamentos subterráneos do denominado lote 2 a Puentes y Calzadas, S.A. é extensivo a Cocheras Olívicas de Puentes, S.A. (Unipersoal), por así constar na proposición gañadora do concurso.”*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**46(1478).- SOLICITUDES DE SUSPENSIÓN DA ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS DE USO MIXTO EN DIFERENTES LUGARES DA CIDADE. EXPTE. 1920/241. PROPOSTA DESESTIMATORIA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, do 27.07.07, conformado polo concelleiro de Patrimonio e Contratación, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local na sesión de 21 de maio de 2007 adoptou acordo polo que adxudicábanse a Unión Temporal de Empresas formada por Eloymar, S.A., e Tranvías Electricos de Vigo, S.A., o Lote 1 e a Puentes y Calzadas Grupo de Empresas, S.A., o Lote 2 do Concurso para a xestión do servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade.*

*Notificado o acordo a tódolos participantes interponse por dous deles, a UTE Aparkvigo e Estacionamientos y Servicios, S.A., sendos recursos de reposición no que interesan o amparo do art. 111 da Ley 30/1992 a suspensión da executividade do mesmo, execución que según dispon a apartado 3 do citado artículo se entenderá suspendida se non se dicta resolución expresa ao efecto no prazo de 30 días dende que a solicitude de suspensión tuvo entrada no rexistro do Concello.*

*Co fin de ter argumentos para a elaboración da proposta de adopción do acordo, interesouse, o día 9 de xullo, ao Titular da Asesoría Xurídica, toda vez que no contido do recurso exponíase a existencia de diversos recursos contencioso administrativos contra algúns dos acordos municipais nos que en algún deles interesouse a suspensión cautelar, copias das demandas e das contestacións as mesmas dos contenciosos existentes e se o estimaba necesario o convinte que acompañase a documentación un informe xurídico ao respecto.*

*O 27 de xullo recibo por nota interior un informe conxunto do Secretario Xeral do Pleno e do Titular da Asesoría Xurídica un informe sobre a práctica totalidade do contido do recurso interposto polos representantes da UTE Aparkvigono que concluyen que “entendemos que debe desestimarse na súa totalidade o recurso de reposición de referencia” e non adxuntan a documentación interesada.*

*Sem perxucio do contido de dito informe, co cal em principio discrúpase en algúns dos seus apartados, non é o momento procesal oportuno de pronunciarse sobre o fondo do asunto, xa que a tramitación dos mesmos encóntrase na fase de Audiencia aos interesados previsto no art. 112 da Ley 30/1992, e debe de cumprimentarse con informes dos técnicos municipais que informaron o expediente de contratación, e ciñendome exclusivamente as solicitudes de suspensión da execución do acordo da Xunta de Goberno Local de 21 de maio de 2007 estas deben ser desestimadas xa que non acreditan ningún dos dous supostos previstos na Ley para adoptar a medida da suspensión cautelar, nin aportan datos para que a Xunta de Goberno Local poida ponderar razoadamente entre o perxucio que causaría ao interese público o a terceiros a suspensión e o perxucio que causaría aos recurrentes a eficacia inmediata do acordo recurrido.*

*Ademais un dos recurrentes di que en un dos contenciosos que se tramitan ante o Juzgado de lo Contencioso núm. 1 de Vigo solicitouse expresamente a suspensión da execución do acto administrativo, razón pola que non parece aconsellable que unha vez que xa está interesada unha medida a autoridade xudicial sexa á administración demandada a que de “motu proprio” actúe contra os seus actos.*

*Em consecuencia co antedito, proponse a Xunta de Goberno Local, órgano competente para a resolución do recurso, a adopción do seguinte ACORDO*

*Desestimar, por las razón expostas, as solicitudes de suspensión da execución do acordo da Xunta de Goberno Local de 21 de maio de 2007 no que adxudícase o concurso para a xestión do servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade interesadas nos correspondentes recursos de reposición interpostos polos representantes legais das mercantiles integradas na proposición da UTE Aparkvigo e de Estacionamientos y Servicios,S.A..*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

#### **47(1479).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA ACORDO DA XGL DO 5.03.07 SOBRE A TITULARIDADE MUNICIPAL DA PARCELA NA RÚA ALFONSO ALVAREZ VÁZQUEZ. EXPTE. 17687/240. PROPOSTA DESESTIMATORIA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do servizo de Patrimonio, do 13.07.07, conformado polo do xefe de Patrimonio e o concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

#### *NORMATIVA DE APLICACIÓN*

- *Lei 33/2003, de 3 de novembro do patrimonio das administracións públicas (LPAP).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia (LALG).*
- *Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais (RBEL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP).*

#### *FEITOS*

*PRIMEIRO – A Xunta de Goberno Local en acordo tomado na súa sesión ordinaria de data 5 de marzo de 2007, no expediente de investigación da titularidade municipal da parcela na rúa Alfonso A. Vázquez Expte. 17687/240, adoptou o seguinte acordo:*

*Primeiro.- Declarar que ao efecto, non resulta acreditado nin consta dun modo certo a existencia de dereito ningún do Concello sobre a parcela investigada.*

*Segundo.- Dar traslado ao Pleno do Concello de que non procede a inscrición no Rexistro Municipal de Bens e Dereitos do Concello da parcela investigada, por non ter o Concello de Vigo dereito nungún sobre ela.*

*Terceiro.- Proceder ao arquivo do expediente.*

*SEGUNDO.- Contra o acordo adoptado a Comunidade de Propietarios do edificio da avda. de Buenos Aires nº 6 interpon o 4 de abril de 2007 recurso de reposición, que fundamenta sinteticamente en: a súa discrepancia da aplicación da doutrina dos actos propios así como da interpretación do principio de seguridade xurídico; que non se admitiu como proba ningunha da documental achegada e que se atopa fora de lugar a utilización como argumento para negar o carácter público da rúa Alfonso Alvarez Vázquez a licenza de peche concedida por canto foi declarada nula de pleno dereito e polo tanto carece de efectos xurídicos.*



*TERCEIRO.- Do recurso de interposición interposto, deuselle traslado ós demais interesados no expediente, para que de conformidade co preceptivo no art. 112.2. da lei 30/1992, do 26.11 alegen canto estimen procedente. E así: A Comunidade de Propietarios do edificio nº 4 da Avda. de Buenos Aires de Vigo, así como de xeito conxunto as Comunidades de Propietarios do baixo posterior da rúa Sanjurjo Badía nº 260 e do soto de garaxes da rúa Sanjurjo Badía nº 260, as que en sendos escritos de data 16.5.2007, (Nº entrada:70058873 e 70058869) alegaron sinteticamente que: o acordo da Xunta de Goberno Local que se recorre se axusta a dereito e das probas practicadas no expediente acredítase que non hai titularidade pública do terreo; así como que as alegacións do recorrente en nada desvirtúan o contido da resolución e o acordo plenario é un acto imposíbel, e o feito de que o terreo non teña saída non é senón un dos síntomas ou características que reiteradaa xurisprudencia sinala para presumir a súa inexistencia.*

## **FUNDAMENTOS**

*PRIMEIRO.- Resulta procedente admitir a trámite o recurso de reposición interposto, por canto o é no tempo e forma prescritos nos arts. 116 e 117 da LRXAP.*

*SEGUNDO.- Discrepa o recorrente da interpretación da doutrina dos actos propios que o Concello de Vigo aplica na resolución que se recorre, obviando que é unha construción doutrinal na que ten recaído numerosas e abundantes sentenzas do Tribunal Supremo (STS 13.6.2000, 20.2.1990, 10.6.1994, 15.12.2005 entre moitas outras) e que é a que se aplica. A argumentación das súas alegacións en nada desvirtúa a motivación xurídica contida na resolución, sen que resulten acreditados tal e como se razonou nela os requisitos de vinculación xurídica e eficacia da actuación administrativa xurisprudencialmente esixidos, con dereitos e obrigas para ambas partes en virtude do acordo plenario de data 29.9.1981, acto cun contido claramente unilateral no tempo.*

*TERCEIRO.- Non hai ningunha falta de criterio na actuación do Concello. Tal e como razonouse no fundamento xurídico segundo da resolución recorrida, os bens das Entidades Locais, son pola súa propia definición legal (art. 79 LBRL, art. 263 LALG e art. 2 RBEL) ou bens de dominio público ou bens patrimoniais, e as rúas e paseos de utilización xeral cuxa conservación e policía son de competencia da entidade local son bens de dominio público, men tras que os que sendo de propiedade da entidade local non estean destinados ó uso público nin afectos a ningún servizo público e poidan constituir fonte de ingresos para o erario da entidade sons bens de propios ou patrimoniais, entre os que se atopan as parcelas sobrantes.*

*O fundamento xurídico 3. 3. da contestación á demanda do procedemento ordinario 221/06 no Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Vigo refírese claramente á primeira categoría de bens das entidades locais: os bens de dominio público, nos que a súa nota definatoria e a conservación e policía polo Concello, isto é a asunción con toda normalidade da instalación de servizos de augas, alumeadado, telefonía, saneamento, subministración eléctrica, limpeza, etc. ... aínda cando non exista ningún título adquisitivo formal.*

*É por isto precisamente que no expediente de investigación intentouse determinar en primeiro lugar a existencia dun título adquisitivo formal, e do informe da xerencia municipal de urbanismo de 25.1.2006 resultou que non se esixiu a cesión de superficie para vial en ningunha das licenzas citadas, sen que se poida atribuír ó acordo plenario de 29.9.1981 dito carácter, ó estar a administración na súa actuación limitada polo propio ordeamento xurídico.*

*Unha vez determinada a inexistencia de cesión formal ou título demanial, procede polo tanto determinar a existencia de actos de conservación ou policía na referida parcela. E así ó longo da tramitación do procedemento, como se relata dun modo exhaustivo na resolución que se impugna, non resultou acreditada ningunha actuación*

neste senso por canto non se instalou ningún servizo municipal nin ningunha actuación administrativa na parcela, e ó contrario o certo é que esta non dispón de calzada, beirarrúas ou asfaltado, non se realizaron nela operacións de limpeza, de mantemento ou de retirada de vehículos polo guindastre municipal, o xardín é coidado polos veciños, non hai rede de abastecemento de auga nin de saneamento nela, e da testifical realizada resulta que tampouco se coñece como tal vía.

CUARTO.- Se ben non consta nos fundamentos de feito da resolución do expediente, o certo é que a proba documental aportada polo recorrente foi admitida na resolución sobre admisión e práctica das probas propostas ó expediente de investigación do concelleiro delegado de patrimonio de data 26.10.2006, que se ben non consta notificada ó recorrente ó deixala caducar en lista do servizo de correos, tívose oportunidade do seu coñecemento no trámite de audiencia concedido e notificado o 19.12.2006 no que hai acceso a todo o expediente, e polo tanto e isto é o substancial, tívose en conta dita documental na tramitación do expediente aínda cando non fora suficiente ós efectos de demostra-la titularidade municipal da parcela cuestionada.

Trátase polo tanto dun simple defecto procedemental sen transcendencia ningunha (art. 63.2 LRPAC) por canto non houbo infracción de norma procedemental que xerara indefensión ó recorrente ó admitirse e practicarse no expediente a proba proposta. Respecto a que non conste nos fundamentos de feito da resolución que se recorre, indicar que de conformidade co que dispón o art. 54.1 da LRPAC, que soamente esixe unha sucinta referencia de feitos, este feito non implica de por se unha falta de motivación xeradora de indefensión, por canto de acordo coa xurisprudencia do Tribunal Supremo a xustificación da resolución administrativa non ten por que ser prolixa, casuística e exhaustiva (STS 19.1.1987), xa que o fundamental é que se coñeza a razón esencial da decisión administrativa coa amplitude precisa para a adecuada posíbel defensa do interesado no procedemento (STS 2.10.1977). E isto é o que acontece neste suposto, no que non hai indefensión ningunha por canto a motivación da resolución como razoamento que permite coñecer as razóns que xustifican a actuación administrativa é correcta, A motivación como instituto xurídico non significa un recoñecemento exhaustivo e detallado dos feitos senón a especificación dunha causa, isto é a adecuación do acto ó fin perseguido mediante a fixación dos feitos determinantes da resolución, a súa subsunción nunha norma e unha especificación sucinta das razóns polos que esta se deduce (STS. 10.3.2003).

QUINTO.- Consonte co anterior as alegacións do recorrente non desvirtúan o contido da resolución que se impugna, e tampouco no tocante ó principio de seguridade xurídica por canto o certo é que o Concello de Vigo na súa actuación, incluída a referente á licenza de peche, en ningún momento realizou actos de disposición demanial na parcela que tiveran transcendencia xurídica patrimonial.

SEXTO.- De conformidade co art. 16.1 da LRPAC, a Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste recurso, por terse dictado por esta o acto que se impugna.

Por todo o que, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, no uso das facultades que lle atribúe a lexislación vixente e de conformidade co art. 113.1 da LRPAC o seguinte acordo:

Desestima-lo recurso de reposición interposto pola Comunidade de Propietarios do edificio da Avenida de Buenos Aires nº 6 contra a resolución da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de data 5.3.2007, recaída no expediente de investigación de oficio da titularidade municipal da parcela “Rúa Alfonso Alvarez Vázquez”, confirmandoa en todos os seus extremos.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**48(1480).- RECLAMACIÓN DE D. GONZALO PÉREZ PÉREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 996/243. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 20.07.07, conformado pola xefe de Patrimonio, que di o seguinte:

*“D. Gonzalo Pérez Pérez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 29 de marzo de 2006, no que expón que o día 8 de xaneiro de 2006, Dna. María Nuria Vías Pérez circulaba co vehículo de propiedade do Sr. Pérez, con matrícula 2223-DRW, polo camiño dos Rapadouros en Bembrive e, á altura da número 10, ó pasar por un sumidoiro roto, causou danos materiais ó roda do vehículo.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- a) Parte do servizo da Policía Local, de data 08/01/2006, no que os axentes actuantes manfiestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Vías relátalles o accidente que tivera; igualmente, comprobaban os danos producidos no vehículo e recollen a declaración de D. Edelmiro Rodríguez Pérez, que afirma ter golpeado con martelo para dobrar a punta do sumidoiro que sobresaía co fin de evitar outro percance.*
- b) Informe do servizo de Vías e Obras, de data 08/05/2006, sobre o lugar onde ocorreu o accidente.*
- c) Informe do servizo de Parque Móbil, de data 01/06/2006, manifestando que os prezos contidos na factura nº AE/135/2006 de Comercial Automoto, S.A., presentada polo reclamante, por un importe de 233,62 euros IVE incluído son correctos.*
- d) Informe do servizo de Vías e Obras, de data 26/06/2006, no que indican que o mantemento da reixa suposta causante dos danos ó vehículo é competencia do Concello de Vigo.*
- e) Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 11/07/2006.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

*4 A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

*5 O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*

*6 Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

*7 Que non sexa produto de forza maior.*

*Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local ). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*Non obstante, e de conformidade co ditame número 135/2006 do Consello Consultivo de Galicia, o principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial creba cando as condicións obxectivas na vía aperciben a un usuario, minimamente dilixente, sobre a presenza na calzada de elementos materiais insinuantes de perigos potencias que esixen unha adecuación da condución e un incremento das marxes de precaución para adecuar a velocidade por causa destes elementos circunstanciais que incrementan o risco, enervando así o principio de confianza.*

*No expediente hai informe da Policía local que acudiu o lugar tras o accidente comprobando os danos no vehículo, así como que un veciño do lugar golpeou a parte danada da rexilla co fin de evitar outro percance. Os danos que foron reparados por importe de 233,62 € estimáanse correctos polo servizo do parque móbil.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Gonzalo Pérez Pérez, polos danos ocasionados a seu vehículo matrícula 2223-DRW, debido a un sumidoiro roto o día 8 de xaneiro de 2006 no camiño dos Rapadouros en Bembrive e indemnizalo coa cantidade de 233,62 euros”.*

#### Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **49(1481).- RECLAMACIÓN DE D. MANUEL JESÚS MONTESINOS PIÑEIRO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 995/243. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 07.05.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

*“D. Manuel Jesús Montesinos Piñeiro presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación de Dna. Ana Piñeiro Jáuregui, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 29 de marzo de 2006, no que expón que Dna. Ana o día 27 de marzo de 2006, mentres camiñaba pola rúa Padre Feijoo, á altura do número 4, sufriu unha caída como consecuencia do mal estado da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- a) Informe do servizo de Vías e Obras, de data 05/04/2006, sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente.*
- b) Informe do servizo da Policía Local, de data 04/05/2006, no que indican non teren constancia dos feitos reclamados.*
- c) Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.377,31 euros.*

d) *Práctica de proba testifical, en data 30/10/2006, a unha das testemuñas propostas pola reclamante, que confirma os extremos alegados polo Sr. Montesinos.*

e) *Evacuáase trámite de audiencia á reclamante en data 10/11/2006, que non formula alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
  - b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
  - c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- 8 Que non sexa producto de forza maior.*

*Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estrño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.*

*Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).*

*Polo que respecta ós danos que poden ser resarcidos a consecuencia do funcionamento dun servizo público, e consonte do cito no parágrafo anterior, é requisito necesario que a efectividade do dano sexa probada, requisito que segundo a xurisprudencia opera para acreditar todos e cada un dos elementos intervinientes na produción do dano e na xeración do correlativo dereito a ser indemnizado.*

*E así:*

- *Da proba testemuñal practicada conséntase que dona Ana Piñeiro Jauregui caeu na rúa Padre Feixoo de Vigo á altura do nº 4 ó tropezar e meter o pé debaixo dun lastro da beirarrúa, causándose danos valorados en ditame médico solicitado ó efecto en 1377,31 €.*
- *De conformidade co informe que emitiu o servizo de vías e obras e que hai no expediente os defectos da beirarrúa ocupaban un tramo de aproximadamente 6 m2, sendo visible a 5 m., e nas fotografías que se achegan con él obsérvase que se ben algúns lastros faltan hai outros que se atopan levantados. A tessemuña indica que estos defectos vense a distancia pero hai que ter coidado porque pódense saír todos.*
- *-Hai ademáis dúas circunstancias no expediente que se poden estimar relevantes; unha é a idade da reclamante que conleva unha maior dificultde na propia deambulación, e outra que no mesmo lugar tiña caído máis xewnte, nesa semana, incluso no día dos feitos pol mañana.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Manuel Jesús Montesinos Piñeiro por unha caída ocorrida o día 27 de marzo de 2006 na rúa Padre Feijoo e indemnizalo coa cantidade de 1.377,31 euros”.*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

**50(1482).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. DOLORES CALVO CORDERO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 975/243. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 20.07.07, conformado polo xefe de Patrimonio, que di o seguinte:

*“Dna. Dolores Calvo Cordero presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 13 de marzo de 2006, no que expón que o día 12 de marzo de 2006, mentres camiñaba pola avenida de Castelao, á altura da cafetería Santa Mónica, sufriu unha caída ó pisar unha tapa plástica dunha reixa que se moveu tras ser pisada, producíndose danos de carácter físico e material.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 07/04/2006, sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente.*
- *Parte de servizo da Policía Local, de data 11/03/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Calvo relátalles o accidente que tivera; igualmente, comprobán a existencia de danos no pantalón e no xeonllo dereito da requirinte así como da tapa da reixa solta.*
- *Informe da UTE Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, de data 18/07/2006, no que indican que o sumidoiro onde se accidentou a Sra. Calvo non forma parte da infraestrutura municipal de abastecemento de auga ou saneamento tutelada por esta concesionaria.*

- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 26/07/2006, que non formula alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.*

*Terceiro.- Do exáme do expediente resulta que:*

*Do informe do Servizo de vías e obras de data 07.04.2006 así como da empresa Aqualia, concesionaria do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo de data 10.07.2006 que o sumidoiro no que a reclamante di que tivo o accidente non forma parte da infraestrutura municipal de abastecemento de auga e saneamento, estando ubicada nunha beirarrúa interior ou terraza entre edificios, e ten como finalidade a recollida de auga procedente de dita terraza.*

*Dos feitos polo que se reclaman non hai testemuñas directas por canto o informe da policía local que acudiu a chamada da reclamante recolle as manifestacións desta.*

*Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguente indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o*

*evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Dolores Calvo Cordero por unha caída ocorrida o día 12 de marzo de 2006 na avenida de Castelao, por non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello.”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

**51(1483).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. MARGARITA FERNÁNDEZ BERNAL DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 972/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 20.07.07, conformado polo xefe de Patrimonio, que di o seguinte:

*“Dna. Margarita Fernández Bernal presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 6 de marzo de 2006, no que expón que o día 28 de febreiro de 2006, mentres camiñaba pola rúa Estornino, á altura do número 26, sufriu unha caída debido a que a beirarrúa presentaba varias lousas levantadas, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- a) Parte de servizo da Policía Local, de data 28/02/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Fernández relátalles o accidente que tivera; igualmente, comprobán que a reclamante presenta unha ferida no xeonllo esquerdo e o desnivel do pavimento, faltando dez baldosas ó mesmo.*
- b) Informe do servizo de Vías e Obras, de data 22/03/2006, sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente.*
- c) Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 435,60 euros.*
- d) Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 06/06/2006, que non formula alegacións.*

**Fundamentos de dereito:**

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*



- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinando do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulacón, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulacón, dará lugar á obxectividade dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- a) Día 28 de febreiro de 2006 a reclamante sofriu, segundo o parte do servizo de Urgencias do Sergas, unha lesión con diagnóstico de contusión, que a Asesoría médica do Concello, no seu ditame, valora en 436,60 euros.
- b) No lugar onde a reclamante manifesta que ocorreu o accidente, de conformidade co informe solicitado ó efecto ó servizo de Vías e Obras do Concello, así como fotografías que hai no expediente, os defectos da beirarrúa son visíbeis a longa distancia, a máis de 10 metros e evitábeis gardando a dilixencia debida.
- c) De conformidade co parte da policía local, ó lugar dos feitos acudiu a policía local, e eles non a viron caer, senón que a atenderon con posterioridade.

En todo caso, e sen prexuízo do anterior, os defectos da beirarrúa son visíbeis e patentes a unha longa distancia, e na reclamante non consta ningún defecto físico que lle impidise a súa percepción, polo que de conformidade coa doutrina mencionada do Consello Consultivo de Galicia, así como Tribunal Supremo, a súa petición de indemnización tera que ser desestimada, por canto os defectos son visíbeis a distancia ocupando o lugar en mal estado os 12 m<sup>2</sup>.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Margarita Fernández Bernal por unha caída ocorrida o día 28 de febreiro de 2006 na rúa Estornino, por non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello.”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**52(1484).- RECLAMACIÓN DE D. CESAR VILLAR RODRÍGUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 969/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 29.05.07, conformado polo xefe de Patrimonio, que di o seguinte:

*“D. César Villar Rodríguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 28 de febreiro de 2006, no que expón que o día 17 de decembro de 2005, ó circular co vehículo de súa propiedade, matrícula PO-8439-AU, pola rúa Ramón Nieto, tivo un accidente ó introducir o vehículo nunha focha sen sinalizar, producíndose danos materiais ó devandito vehículo.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- a) Parte do servizo da Policía Local, de data 17/12/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Villar relátalles o accidente que tivera horas antes; igualmente comprobaban a existencia de danos no vehículo mais non poden confirmar se o dano producido se debe realmente á focha existente na rúa Ramón Nieto.*
- b) Informe do servizo de Vías e Obras, de data 17/03/2006, sobre o estado da vía onde ocorreu o accidente, indicando que a mesma é un vial da Consellería de Ordenación Territorial e Obras Públicas, da Xunta de Galicia.*
- c) Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, en data 27/03/2006, que non formula alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

*A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

*O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*

*Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.  
Que non sexa produto de forza maior.*

*Procedre en primeiro lugar examina-la competencia do concello de Vigo para a resolución deste expediente (artigo 51 lei 30/1992). E, de conformidade co informe do servizo de vías e obras de data 17.03.2006 resulta que a vía onde ocorreu o accidente é un vial da Consellería de Ordenación Territorial de Obras Públicas da Xunta de Galicia.*

*Polo exposto, e sen entrar a valorar o fondo do asunto, procede desestimar-lo expediente por fall de lexitimación pasiva do concello, o non ser o titular da vía onde ocorreu o accidente.*

*Polo exposto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*1º.- Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Cesar Villar Rodríguez ó carecer o concello de Vigo de lexitimación pasiva no expediente.*

*2º.- Dar traslado do expediente á Consellería de Ordenación Territorial e Obras Públicas, na súa calidade de administración competente na vía pública Ramón Nieto.”*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

### **53(1485).- RECLAMACIÓN DE D. MARINA ESTÉVEZ VÁZQUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 968/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 19.07.07, conformado polo xefe de Patrimonio, que di o seguinte:

*“Dña. Marina Estévez Vázquez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 28 de febreiro de 2006, no que expón que o día 21 de febreiro de 2006, mentres camiñaba pola rúa Ronda de Don Bosco, á altura do número 37, sufriu unha caída ó tropezar nunha lousa que se atopaba levantada, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 08/03/2006, sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente.*
- Informe do servizo da Policía Local, de data 21/03/2006, manifestando non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 4.625,38 euros.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 07/06/2006, que non formula alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Segundo.- No expediente consta acreditada a existencia dun dano, avaliado economicamente, polo que cómpre analizar, de conformidade co que dispón o artigo 139 da Lei 30/1992, así como o artigo 2 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial, a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento dun servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a que a Administración lle indemnice.*

*A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).*

*Terceiro.- E así, do exame do expediente, resulta que:*

- a) Está constatado no expediente que o día 21.02.2006 o reclamante sufriu asistencia médica por lesións segundo ela refire a consecuencia dunha caída, que se valoraron no ditame médico solicitado ó efecto en 4.625,38 €.*
- b) Das circunstancias nas que tivo lugar a caída non hai testemuñas directas, nin tampouco a Policía Local de Vigo tivo ningunha intervención.*
- c) Solicitado informe ó servizo de Vías e Obras, neste constátase que no lugar hai defectos na beirarrúa.*

*Nos expedientes de responsabilidade patrimonial, é preciso para poder apreciar a existencia dun xeito indubidábel dun vínculo causal que enlace o dano padecido co funcionamento dun servizo público, demostrando que aquel é consecuencia deste por parte do reclamante.*

*Polo tanto, a controversia xurídica sitúase no plano da proba practicada e obsérvase que nin a reclamante manifesta como ocorreron os feitos nin se ofrece ningunha proba que xustifique que a caída tivo lugar precisamente a consecuencia dos defectos na rúa e non por outros motivos, e o material xuntado ó expediente non*

resulta suficiente para entender superado o “onus probandi” que grava á reclamante e de que foi o estado da vía o que provocou o dano padecido por ela.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*Desestimar a reclamación formulada por Dna. Marina Estévez Vázquez por unha caída ocorrida o día 21 de febreiro de 2006 na Ronda de Don Bosco, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

**54(1486).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. MERCEDES PAZ COUSO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 995/243. RESPONSABLE UTE AQUALIA-FCC SA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 23.07.07, conformado polo xefe de Patrimonio, que di o seguinte:

*“Dna. Mercedes Paz Couso presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 22 de marzo de 2006, no que expón que o día 26 de febreiro de 2006, circulaba co vehículo de súa propiedade, con matrícula PO-2375-BS, pola rúa Maceiras e, a 50 metros do cruce coa rúa Pedro Alvarado, ó pasar por encima dunhas reixas de recollida de augas pluviais, unha destas levantouse, causándolle danos materiais ó devandito vehículo.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- a) Informe do servizo de Vías e Obras, de data 17/04/2006, no que indican que o mantemento da reixa compete á concesionaria Aqualia.*
- b) Informe do servizo de Parque Móbil, de data 05/05/2006, manifestando que os prezos contidos no presuposto de Taller Ramallo, presentado pola reclamante, por un importe de 191,40 euros IVE incluído son correctos.*
- c) Práctica de proba testifical, en data 20/06/2006, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. Paz.*
- d) Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 20/09/2006.*
- e) Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, que formula alegacións en data 25/10/2006.*
- f) Informe do servizo de Vías e Obras, de data 05/02/2007.*

*Fundamentos de dereito:*

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No expediente está acreditado que a interesada, canda aparcaba o seu vehículo na rúa Maceiras sufriu danos nel ó desplazarse unha reixa de recollida de augas pluviais. Os prezos de reparación orzamentados en 191,40 € estímense correctos polo servizo do parque móbil do concello.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigada a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a

reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido a existencia dunha focha nunhas obras na acometida de saneamento.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na súa cláusula que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento e na súa cláusula 116.1 que a concesionaria asumirá a responsabilidade que lle corresponda como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, quedando obrigada ó resarcemento de todos os danos e perdas que se lle causen a terceiros. Os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de junio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludible, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quén debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Da. Mercedes Paz Couso.

2º.- Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á UTE Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 191,40 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

**55(1487).- RECLAMACIÓN DE PESQUERA ALONFER S.L. DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 988/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 23.07.07, conformado polo xefe de Patrimonio, que di o seguinte:

“A entidade Pesquera Alonfer S.L. presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 22 de marzo de 2006, no que expón que o día 26 de novembro de 2005, o vehículo de súa propiedade, con matrícula 8954-CFJ, sufriu danos materiais por mor dun golpe contra un sinal de tráfico roto, existente na rúa Baixada a Ríos.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- a) Parte do servizo da Policía local, de data 23/11/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, D. José Benito Alonso Rodríguez, conductor do vehículo de Pesquera Alonfer, relátalles o accidente que sufrira, reventándose a roda traseira do mesmo, no momento en que procedía a estacionar ó golpear contra a base do sinal de tráfico roto.
- b) Informe do servizo de Parque Móbil, de data 17/04/2006, manifestando que os prezos contidos na factura nº A/20050310 de Center Driver, presentada pola reclamante, por un importe de 184,00 euros IVE incluído son correctos.
- c) Informe do servizo de Seguridade e Circulación viaria, de data 09/10/2006, no que indican que o a base do sinal se atopaba fóra do carril normal de circulación, en zona sinalizada de prohibida a parada.
- d) Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 27/11/2006, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Constátase a existencia dun dano efectivo, individualizado e avaliabel economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento extraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.



*Ademais, e de conformidade coa máis recente doutrina xurisprudencial do Tribunal Supremo (STS 27/10/1998), a consideración de feitos que poidan determinar a ruptura do nexo de causalidade ten que se reservar para aqueles que comporten forza maior, ós que importa engadir a intencionalidade da vítima na produción ou o padecemento do dano, ou a gravísima negligencia dela, sempre que estas circunstancias fosen determinantes da existencia da lesión e a conseguinte obriga de soportala.*

*Terceiro.- No presente caso hai no expediente informe do Servizo de circulación viaria, de data 9 de outubro de 2006, que consonte co establecido no artigo 89.5 da lei 80/1992, do 26.11, serve de motivación a súa resolución no que se se di que a sinalización vertical colocase fora do carril normal de circulación e segundo parte do servizo da Policía Local do 23.11.2005 o afectado estaba aparcando nunha zona sinalizada de prohibida a parada.*

*O artigo 38.4 do Real Decreto legislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de vehículos a motor e Seguridade vial, establece que o rexime de parada e estacionamento en vías urbanas regúlase pola Ordenanza municipal correspondente. A Ordenanza xeral de circulación do termo municipal de Vigo nos seus artigos 13 e seguintes prohiben totalmente a parada e o estacionamento nas curvas, nunha proximidade de 5 metros, nos cruces ou interseccións, nos rebaixes das beirarrúas para facilitar o paso das persoas e en zonas sinalizadas con franxas no pavimento, tanto se a ocupación é total ou parcial. Ademais toda parada, segundo seu artigo 12, ten que realizarse arriando o vehículo paralelamente á beirarrúa á dereita, segundo sentido da marcha.*

*Cuarto.- Consonte co anterior, apreciada a grave negligencia da solicitante ó estacionar o seu vehículo, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade patrimonial, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e non indemnizábel.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Pesquera Alonfer SL., por un accidente no vehículo da súa propiedade con matrícula 8954-CFJ o día 26 de novembro de 2006 na rúa Baixda a Rios, por non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello.”*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

#### **56(1488).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. CELIA ÁNGELES PUMARES GONZÁLES DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 990/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 23.07.07, conformado polo xefe de Patrimonio, que di o seguinte:

*“Dna. Celia Ángeles Pumares González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 24 de marzo de 2006, no que expón que o día 20 de*

febreiro de 2006, mentres circulaba coa motocicleta de súa propiedade, matrícula 6846-CLR, pola rúa Elduayen, sufriu unha caída tras tropezar contra a tapa dun sumidoiro, provocándose danos físicos á súa persoa.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- a) Informe do servizo de Vías e Obras, de data 04/05/2006, sobre o estado do lugar onde a reclamante di ter ocorrido o accidente.
- b) Dilixencias a prevención por accidente de circulación do servizo da Policía Local, de data 20/02/2006, nas que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Pumares relátalles o accidente que tivera; igualmente, comprobán a existencia de certos danos no vehículo e a escasa entidade do desperfecto da calzada, estimando que a caída produciuse por inexperiencia da condutora. Así mesmo, comprobán que a reclamante con posterioridade é trasladada a un centro sanitario.
- c) Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 4.323,44 euros.
- d) Informe da U.T.E Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, de data 18/07/2006.
- e) Evacúase trámite de audiencia á reclamante en data 10/08/2006, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano corporal avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estrano á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando réune o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías,

rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- O día 20 de febreiro de 2006 a reclamante tivo un accidente de circulación cando circulaba coa súa motocicleta marca Honda matrícula 6846-CLR na rúa Eldauyen.
- Se ben segundo a reclamante o accidente tivo lugar por mor do mal estado da calzada, en concreto dunha tapa de sumidoiro da que achega fotografías, o certo é que no expediente constan dilixencias a prevención por accidente de circulación onde os xentes actuantes situám a causa do accidente na inexperiencia do conductor, manifestándolles dona Celia Ángeles Púmares que caera ella soa. Consta así mesmo que se efectuou un recoñecemento da calzada na zona sen que se observara fochanca ningunha nin substancia deslizante que o provocara.

De todo o anterior, resula que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións da interesada, de que o accidente ocorreu no lugar e nas circunstancias que ela indica, polo que, como ten dito o Consello Consultivo de Galicia en suposto similar (ditame nº 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Celia Ángeles Pumares González por unha caída cando circulaba coa motocicleta da súa propiedade, matrícula 6846-CLR, ocorrida o día 20 de febreiro de 2006 na rúa Elduayen, por non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

**57(1489).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. CELIA ÁNGELES PUMARES GONZÁLES DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 990/243. DESESTIMADA.**

**ERRO**

**58(1490).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. CARMEN PIÑEIRO PROL DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 978/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 23.07.07, conformado polo xefe de Patrimonio, que di o seguinte:

*“Dna. Carmen Piñeiro Prol presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 13 de marzo de 2006, no que expón que o día 4 de xullo de 2005, mentres camiñaba pola rúa Hernán Cortés, oufriou unha caída por mor dunha focha, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- a) Parte de servizo da Policía Local, de data 04/07/2005, no que os axentes actuantes manifestan que se persoan na rúa Cervantes, entre as rúas Cervantes e Rogelio Abalde, por mor da caída da Sra. Piñeiro a causa da falta de lousas na beirarrúa, sendo a mesma trasladada ó Hospital Meixoeiro.*
- b) Informe do servizo de Vías e Obras, de data 20/04/2006, no que indican que na fecha do informe a zona se atopaba afectada por obras de remodelación por parte da empresa MovexVial.*
- c) Informe da empresa MovexVial, responsábel das obras de humanización da rúa Cervantes, de data 15/05/2006.*
- d) Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 551,76 euros.*
- e) Evacúase trámite de audiencia á reclamante (mediante a publicación por edictos), en data 18/12/2006, que non formula alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

d) *Que non sexa producto de forza maior.*

*Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estrano á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.*

*Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).*

*Polo que respecta ós danos que poden ser resarcidos a consecuencia do funcionamento dun servizo público, e consonte do cito no parágrafo anterior, é requisito necesario que a efectividade do dano sexa probada, requisito que segundo a xurisprudencia opera para acreditar todos e cada un dos elementos intervinientes na produción do dano e na xeración do correlativo dereito a ser indemnizado.*

*E así se ben resulta acreditado pola parte da Policía local que hai no expediente que Dona Carmen Piñeiro Prol caeu na rúa, sufrindo danos valorados en ditáme médico ó efecto en 551,76 €, non o está que a caída o fora a consecuencia dun servizo público por canto descoñecese ó non haber testemuñas do suceso as circunstancias as que a caída tivo lugar, xa que a policía local que informou presentouse con posterioridade e recolle as manifestacións da propia reclamante, o que non pasa de ser unha mera tese argumental desprovista dunha eficacia probatoria, que obxectivando as súas alegacións xustifique verosimilitud entre aquela apreciación indicaría ós feitos.*

*En todo caso, se ben non hai fotografías do lugar por canto á data do informe do servizo de vías e obras se atopaba en obras, non parece que a falta de losetas que describen os axentes ou buraco como o fai a reclamante fora un defecto oculto ou de difícil apreciación nun deambular coa dilixencia debida.*

*Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Carmen Piñeiro Prol Alonso por unha caída ocorrida o día 13 de marzo de 2006 na rúa Hernán Cortés, por non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello.”*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

**59(1491).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. MARÍA ELENA DOMÍNGUEZ BLEIN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 776/243. ESTIMADA PARCIALMENTE.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 06.07.07, conformado polo xefe de Patrimonio, que di o seguinte:

*“Dna. María Elena Domínguez Blein presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 4 de outubro de 2005, no que expón que o día 4 de outubro de 2004, camiñando pola rúa Policarpo Sanz, á altura dos números 1 e 3, tivo unha caída por mor do mal estado da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- a) Informe do servizo de Vías e Obras, con data 25/10/2005, sobre o estado da beirarrúa onde ocorreu o accidente, indicando que os desniveis existentes son dificilmente apreciábeis.*
- b) Informe do servizo da Policía Local, con data 16/12/2005, manifestando non teren constancia dos feitos reclamados.*
- c) Práctica de proba testifical, con data 14/03/2006, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Domínguez.*
- d) Evacúase trámite de audiencia á aseguradora Mapfre Industrial, con data 20/03/2006, que non formula alegacións.*
- e) Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 20.778,20 euros.*
- f) Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 01/06/2007.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

*Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento extraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectividade dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.*

*Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993; ditame Consejo de Estado 678/2002). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).*

*Resulta preciso polo tanto constatar en primeiro lugar a existencia dun dano avaliábel economicamente, efectivo e individualizado.*

*E así, do exame da documentación que hai no expediente, resulta que o día 04/10/2004 María Elena Domínguez Blein caeu na rúa Policarpo Sanz de Vigo á altura dos números 1 e 3, causándose lesións de carácter físico, que no ditame médico solicitado ó efecto que foi emitido o 23/10/2006 e rectificade o 16/05/2007, e que consonte co que establece o artigo 89.5 da Lei 30/1992, serve de motivación a esta resolución, valóranse en 20.778,20 euros, por canto nel se: “La distrofia simpático refleja que ha presentado justifica el largo período de baja que ha sido necesario para la recuperación de las lesiones sufridas restando al alta como secuelas: 1. Limitación del 40% de la movilidad de la muñeca (45030) Anquilosis / Artrodesis de muñeca en posición funcional, la cual por baremo se valora entre 8 y 10 puntos, y dado que presenta una limitación del 40% se le podrían asignar de 3 a 4 puntos. 2. Consolidación de fractura con acortamiento, ya valorada en la anterior secuela, ya que el acortamiento es el que provoca la limitación. 3. El dolor que le resta se valora en el (45110) Muñeca dolorosa, entre 1 y 5 puntos, se pueden asignar 3 puntos. Aclaración (11/06/07): En cuanto a los días de baja (345 días) se computan como impeditivos las 6 semanas de yeso, las 2 semanas que portó la ortesis y los 6 meses de tratamiento de una Distrofia simpático refleja, contando con que es el tiempo establecido de curación de dicha patología. Desde esa fecha hasta que completó el período de recuperación la baja sería parcial.”*

Á vista do expediente, resulta acreditado que:

- Da proba testifical practicada que a reclamante caeu no lugar que indica a consecuencia de tropezar nunhas baldosas da beirarrúa que se movían, defecto que non se podía ver a distancia, estando estas colocadas no seu lugar, así como que no mesmo sitio ten caído máis xente.
- O servizo de Vías e Obras no seu informe de data 02/11/2005, tras inspección ó efecto, constata que o defecto da beirarrúa con lousas desniveladas e semiafundidas nun espazo de 10 m2 era dificilmente apreciábel.

Constátase polo tanto os defectos da beirarrúa así como a súa difícil percepción, sendo estes os causantes da caída da reclamante.

Cuarto.- En escrito de 02/12/2005, María Elena Domínguez Blein afirma así mesmo que durante o período de baixa laboral estivo e continúa imposibilitada para a realización do seu traballo habitual, que é o de fotógrafa, polo que tivo que optar entre pechar o seu negocio ou contratar a unha persoa que o atendese, o que lle produciu graves perdas económicas, solicitando 87.490,80 euros en concepto de incapacidade para a súa ocupación habitual.

A xurisprudencia ten dito respecto á acreditación da realidade do dano polo que se reclama, que por dano efectivo (artigo 139.2 da Lei 30/1992) hai que entender o dano certo, xa producido, non simplemente posíbel ou contingente, o que non exclúe que teña que indemnizarse tamén o dano que haberá de ocorrer no porvir pero cuxa produción sexa indubidábel e necesaria pola anticipada certeza do seu acaecemento no tempo (Sentenza Tribunal Supremo 02/01/1990), así como que os danos teñen que ser reais e efectivos e ten que acreditarse a súa existencia (STS 15/07/2002), polo que se terá que denegar a responsabilidade se non se probou o dano (STS 26/02/2002). A acreditación dos danos correspóndelle ó reclamante, conforme as regras xerais do artigo 1214 do Código Civil, e ademais a imposibilidade do exercicio da profesión habitual ou o peche dun negocio implica unha valoración do lucro cesante, a proba do que se esixe aínda cun maior rigor.

E neste suposto, nin destes danos nin da precisa relación de causalidade que esixe o enlace do dano padecido co funcionamento dun servizo público, apórtase ningunha proba cando, como xa se dixo no fundamento xurídico terceiro parágrafo primeiro desta resolución, a regra xeral acollida tanto na lexislación que se cita como en sede doutrinal e xurisprudencial (Consejo de Estado 678/2002, Consello Consultivo de Galicia 2/2005, STS 30/10/1999) é que a carga da proba correspóndelle ó accionante, e tratándose da propia declaración da vítima do dano a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental desprovista de eficacia probatoria.

Quinto.- Na data na que acaeceu o suceso o Concello de Vigo tiña subsrita unha póliza de seguro de responsabilidade civil coa compañía aseguradora Mapfre empresas, cunha franquía de 9.000 euros e un máximo de indemnización de 900.000 euros por sinistro. Ó ser a valoración do dano probado de 20.778,20 euros, correspóndelle aboar a Mapfre empresas o exceso sobre a franquía de 9.000 euros correspondente ó Concello de Vigo, isto é, a cantidade de 11.778,20 euros.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Estimar parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por María Elena Domínguez Blein, ó estimar probado o nexo de causalidade entre o seu accidente de data 04/10/2004 na rúa Policarpo Sanz números 1 e 3 e o funcionamento dun servizo público municipal, procedendo aboarlle unha indemnización por importe de 20.778,20 euros.



2º.- Comunicar este acordo á compañía aseguradora Mapfre empresas para que proceda ó aboamento da cantidade de 11.778,20 á Sra. Domínguez.

3º.- Dar traslado desta resolución á Intervención xeral do Concello para que proceda ó aboamento de 9.000 euros á reclamante.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

**60(1492).- RECLAMACIÓN DE D. DANIEL GARCÍA ABALDE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1422/243. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 04.07.07, conformado polp xefe de Patrimonio, que di o seguinte:

*“D. Daniel García Abalde presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 31 de xaneiro de 2007, no que expón que o día 10 de novembro de 2006, o vehículo de súa propiedade, con matrícula 7292-BMW, estando estacionado no camiño de Babio, sufriu danos materiais por culpa dunhas pedras desprendidas do chan e lanzadas contra o seu parabrisas, durante os traballos de desbrozamento realizados por operarios municipais.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- a) Informe do servizo de Limpeza, de data 07/02/2007.*
- b) Informe do servizo de Parque Móbil, de data 11/04/2006, manifestando que os prezos contidos no presuposto de Talleres Auto 2000 Multicarrocería S.L., presentado polo reclamante, por un importe de 845,40 euros IVE incluído son correctos.*
- c) Práctica de proba testifical, en data 31/05/2007, ás testemuñas propostas polo reclamante, que confirman os extremos alegados polo Sr. García*
- d) Informe do servizo de Limpeza, de data 06/06/2007, no que confirman que o coche do Sr. García foi atinxido durante os traballos de desbrozamento realizados no lugar e data indicados.*
- e) Evacúase trámite de audiencia ó reclamante en data 20/06/2007, que non formula alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Sobre esta base, e á vista do expediente, resulta que, tanto da proba testifical como do informe do servizo de Limpeza do Concello de 06/06/2007, que o vehículo 7292-BMW, propiedade do reclamante, sufriu danos o 10/11/2006 cando operarios do Concello realizaban traballos de limpeza das gabias e a consecuencia destes. A valoración destes danos que foron orzamentadas en 845,40 euros estímase correcta polo servizo do Parque Móbil do Concello.

Acreditado, polo tanto, o dano polo que se reclama así como que este o foi a consecuencia do anormal funcionamento dun servizo público, procede estimar a reclamación, indemnizando ó reclamante coa cantidade de 845,40 euros.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Estimar a reclamación patrimonial formulada por D. Daniel García Abalde polos danos materiais ocasionados o día 10 de novembro de 2006 no camiño de Babio ó vehículo de súa propiedade, matrícula 7292-BMW, e indemnizalo coa contía de 845,40 euros.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

**61(1493).- RECLAMACIÓN DE D. JAVIER FERNÁNDEZ CORUJEIRA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 986/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 20.07.07, conformado polo xefe de Patrimonio, que di o seguinte:

*“D. Javier Fernández Corujeira presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 22 de marzo de 2006, no que expón que o día 21 de marzo de 2006, mentres camiñaba pola praza do Rei, sufriu unha caída como consecuencia do mal estado da vía pública, producíndose danos de carácter material á súa vestimenta.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- a) Parte do servizo da Policía Local, de data 21/03/2006, no que o axente actuante manifesta que, persoado no lugar dos feitos, o Sr. Fernández relátalle o accidente que tivera na saída do aparcadoiro público; igualmente comproba o carácter esvaradío do pavimento e recolle a negativa do reclamante de ser atendido nun centro médico.*
- b) Informe do servizo de Vías e Obras, de data 17/04/2006.*
- c) Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 30/05/2006.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento extraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da*

*Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulacón, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.*

*Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).*

*De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:*

- *O día 21.03.2006 persoase a Policía Local na Praza do Rei de Vigo, a requirimento do reclamante que le manifesta que esvarou e caeu por mor da chuvia caída e considera que o pavimento non é o máis adecuado para ese lugar.*
- *Solicitado informe o servizo de vías e obras éste non considera que o firme do lugar sexa especialmente esvaradizo, achegando fotografías nas que non se observa ningún defecto nel.*

*De todo o anterior, resula que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións do interesado, de que o accidente ocorreu no lugar e nas circunstancias que ela indica, por canto non houbo testemuñas directas dos ditos feitos e a policía local refírese a unha caída na beirarrúa segundo refire o interesado , polo que, como ten dito o Consello Consultivo de Galicia en suposto similar (ditame nº 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada.*

*En todo caso o parte da Policía Local que hai no expediente tampouco refire ningunha rotura da vestimenta do reclamante*

*Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Javier Fernández Corujeira por unha caída ocorrida o día 21 de marzo de 2006 na praza do Rei, por non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello.”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

**62(1494).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DOS CHOFERES DA ALCALDÍA-1º SEMESTRE 2007. EXPTE. 17438/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 7.07.07, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización, do 16.07.07, conformado pola xefa do Servizo de Persoal e polo concelleiro delegado da Área de Xestión, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar ós seguintes funcionarios, que prestan servicios como conductores adscritos a Alcaldía, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais ala do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, durante o primeiro semestre de 2007:

- D. Basilio Costas Fernández, núm. persoal 10257, conductor da Alcaldía, 2.736,62 €.
- D. Cesáreo Rocha Paramés, núm. persoal 12256, conductor da Alcaldía, 2.203,18 €.

Dese traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.

**63(1495).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DO PARQUE MÓBIL POR CONDUCIR VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAL CONDUCTOR CORRESPONDENTE Ó 2º TRIMESTRE 2007. EXPTE. 17444/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 27.07.07, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 16.07.07, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servicios prestados polo persoal do Parque Móbil, aboarásele por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, a cantidade que figura na relación que se achega, por un importe total de 69'96 € , correspondentes ó 2º trimestre de 2007 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADES.

**64(1496).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR MANEXAR MAQUINARIA PESADA DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE Ó 2º TRIMESTRE DE 2007. EXPTE. 17445/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 26.07.07, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servicios prestados polo persoal do Parque Móvil por manexar maquinaria pesada, correspondente ó 2º TRIMESTRE-2007, aboarase ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comenza por don Antonio Amoedo García e remata por don Florentino Prieto Domínguez e que ascenden a un total de 1,556'07 € (MIL CINCOCENTOS CINCOENTA E SEIS EUROS CON SETE CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADES.

**65(1497).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE EDUCACIÓN POR CONDUCIR VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAL CONDUCTOR, CORRESPONDENTE Ó 1º E 2º TRIMESTRE DE 2007. EXPTE. 17453/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 27.07.07, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 16.07.07, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servizos prestados polo persoal do departamento de Educación, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, a cantidade que figura nas relacións que se achegan, por un importe total de 356'16 € (TRESCENTOS CINCOENTA E SEIS EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS), correspondentes ó 1º e 2º trimestre de 2007 e con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.

**66(1498).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE CONSERXERÍA DO 2º TRIMESTRE 2007. EXPTE. 17387/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 27.07.07, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos humanos, do 2.07.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e o Excmo. Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar ao funcionario D Francisco Martínez Muñoz, núm. persoal 5575, oficial conserxe, adscrito a Conserxería Municipal, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento do seu posto de traballo, mais ala do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, a cantidade de 346,82 €.

Dese traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.

**67(1499).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO SERVIZO DO PARQUE CENTRAL (VÍAS E OBRAS) POR CONDUCIR VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAIS CONDUCTORES CORRESPONDENTE O 2º TRIMESTRE 2007. EXPTE. 17462/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 27.07.07, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 24.07.07, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servizos prestados polo persoal de Vías e Obras que comeza por don Daniel Dominguez Alonso e rematan por don Manuel Martínez González, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficiais conductores, as cantidades que figuran para cada un deles, por un importe total de 382'32 € (TRESCENTOS OITENTA E DOUS EUROS CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS), correspondentes ó 2º TRIMESTRE de 2007 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

**68(1500).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE VÍAS E OBRAS POR XORNADA PARTIDA CORRESPONDENTE Ó MES DE XUÑO DE 2007. EXPTE. 17460/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 26.07.07, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 17.07.07, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade de servizos prestados polo persoal do servizo de Vías e Obras, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega e que comeza por dona M<sup>a</sup> del Carmen Barros Abalde e remata por dona M<sup>a</sup> Carmen Otero Rodríguez, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de XUÑO-2007, e que ascenden a un total de 233'83 € (DOUSCENTOS TRINTA E TRES EUROS CON OITENTA E TRES CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADES.

**69(1501).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR MANEXAR MAQUINARIA PESADA DO PERSOAL DO PARQUE CENTRAL, CORRESPONDENTE Ó 2º TRIMESTRE 2007. EXPTE. 17461/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 26.07.07, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 19.07.07, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servizos prestados polo persoal do Parque Central por manexar maquinaria pesada, correspondente ó 2º TRIMESTRE-2007, aboarase ó traballador que figura na relación que se achega no expediente, don Miguel Angel Alonso Alonso e que ascenden a un total de 61'06 € (SESENTA E UN EUROS CON SEIS CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADES.

**70(1502).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS POR CONDUCIR VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAL CONDUCTOR CORRESPONDENTE Ó 2º TRIMESTRE 2007. EXPTE. 17439/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 26.07.07, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 16.07.07, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servizos prestados polo persoal do servizo de Extinción de Incendios, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, as cantidades que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comezan por dona M<sup>a</sup> Luz Palmás Calvar e remata por don J. Manuel García González, por un importe total de 252'72 € (DOUSCENTOS CINCOENTA E DOUS EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS), correspondentes ó 2º trimestre de 2007 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

**71(1503).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DE LIMPEZA POR CONDUCIR VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAIS CONDUCTORES CORRESPONDENTE Ó 2º TRIMESTRE 2007. EXPTE.17441/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 26.07.07, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 16.07.07, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servizos prestados polo operario do Servizo de Limpeza, D Fernando Fernandez Perez, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, a cantidade que figura na relación que se achega no expediente, por un importe total de 162'18 €, (CENTO SESENTA E DOUS EUROS CON DEZAOITO CÉNTIMOS), correspondentes ó 2º trimestre de 2007 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADES.

**72(1504).- PRODUCTIVIDADE DE D. JOSÉ ANTONIO SANDE VÁZQUEZ POR CONDUCIR VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAL CONDUCTOR, CORRESPONDENTE Ó 2º TRIMESTRE 2007. EXPTE. 17442/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 26.07.07, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 16.07.07, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servizos prestados polo funcionario do Servizo de Protección Civil, D José Antonio Sande Vázquez, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, a cantidade que figura na relación que se achega no expediente, por un importe total de 197'64 €, correspondentes ó 2º trimestre de 2007 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADES.

**73(1505).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DE D. ANTONIO AMOEDO GARCÍA CORRESPONDENTE Ó MES DE XUÑO DE 2007. EXPTE. 17443/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 26.07.07, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 16.07.07, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da Cidade, corresponde aboar a don Antonio Amoedo García que figura na relación adxunta no expediente e que ascende a un total de 17'40 €, correspondente o mes de xuño de 2007 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.



**74(1506).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTE Ó MES DE XUÑO DE 2007. EXPTE. 17455/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 30.07.07, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 16.07.07, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas no expediente e que comezan por don Iván Abalde Casanova da Policía Local e rematan por don Ramón Seijas Álvarez do servizo de Desinfección, os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 110.086'19 € (CENTO DEZ MIL OITENTA E SEIS EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS) con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, correspondentes o mes de XUÑO de 2007.

SERVIZO	IMPORTE
POLICÍA LOCAL	55,451'10
EXTINCIÓN DE INCENDIOS	44,745'15
MONTES, PARQUES E XARDÍNS	2,091'55
ALCALDÍA	228'61
LIMPEZA	1,309'10
CONSERXERÍA	163'07
PARQUE MÓBIL	2,866'11
PARQUE CENTRAL	1,574'60
DESINFECCIÓN	1,656'90
TOTAL	110,086'19

**75(1507).- GRATIFICACION POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DA POLICÍA LOCAL POR SERVIZOS DE GRAN GALA CON MOTIVO DO “NOMEAMENTO DO NOVO ALCALDE”. EXPTE. 17440/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 30.07.07, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 16.07.07, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo do “Nomeamento do novo Alcalde”, aboarase o persoal da Policía Local que figuran na relación que se achega e que comeza por don Moisés Calvar Ríos e remata por don David Fernández González, por unha cantidade total de 454'52 € (CATROCENTOS CINCOENTA E CATRO EUROS CON CINCOENTA E DOUS CÉNTIMOS)” e con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00 (GRATIFICACIÓNS).

**76(1508).- PRODUCTIVIDADE DE D<sup>a</sup>. ANA SOTO SOBRADO, 1º SEMESTRE 2007. EXPTE. 17388/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 30.07.07, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 2.07.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo Excmo. Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer á administrativa de admón.Xeral, D<sup>a</sup> Ana María Soto Sobrado,un complemento de produtividade por importe de 853,14 € euros, importe calculado en función das diferencias retributivas existentes entre as asignadas ao posto de xefa de negociado de información e as establecidas para un posto de administrativo de admón. xeral, en relación ao período comprendido entre 1 de xaneiro ao 31 de xuño de 2007, acordando en consecuencia o aboamento do mesmo.

Dese traslado da presente resolución á interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días.

**77(1509).- PRODUCTIVIDADE POR ACUMULACION DE FUNCIONS A D.<sup>a</sup> CRISTINA GÓMEZ GARCÍA. EXPTE. 17389/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 30.07.07, e de acordo co informe proposta da técnica de Recursos Humanos, do 22.06.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo Excmo. Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

*Segun Decreto de Alcaldía de data 11 de decembro de 2006, comunicado a Xunta de Goberno Local de data 26 de decembro, ordease a atribución temporal de funcións de supervisión da Oficina Municipal do Voluntariado á funcionaria D<sup>a</sup> Cristina Gómez García, con nº de persoal 78.121 e DNI 36.098.882-Z, traballadora social que desenvolve as tarefas inherentes ao seu posto no Servizo da Muller, motivada na situación de incapacidade temporal por maternidade de D<sup>a</sup> Beatriz Gómez Ouro. Dita atribución temporal de funcións exercerase nos termos e condicións do previsto no artigo 66 do Real Decreto 364/95, do 10 de marzo, do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos funcionarios civiles da Administración Xeral do Estado, e a funcionaria citada continuará percibindo as retribucións correspondentes ao seu posto de traballo de administrativa de admón. xeral, sen prexuízo das indemnizacións por razón do servizo ás que poida ter dereito en cada caso.*

*Con data 18 de xuño de 2007 recíbese na Unidade de Persoal a solicitude de aboamento dun complemento de produtividade correspondente á acumulacion de funcións de dita funcionaria, conformada polo Concelleiro delegado de Asuntos sociais, ao cesar dita atribución temporal de funcións pola incorporacion da funcionaria D<sup>a</sup> Beatriz Gómez Ouro*

*De conformidade co disposto no artigo 23.3.c) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para Reforma da Función Pública, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendimento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As vixentes Instrucións de plantilla, aprobadas en acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/05/2005, regulan os supostos nos que se produce o dereito á percepción do devandito concepto retributivo.*

*As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.*

*Corresponde ao Pleno da Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade, e á Xunta de Goberno Local a aprobación e a asignación individual do mesmo, con arranxo ó establecido na Lei 7/ 85, de 2 de abril (artigo 127.1.h)*

*De conformidade coas Instrucións de Plantilla vixentes, no seu apartado terceiro a) con cargo o complemento de produtividade se retribuirá o especial rendemento e actividade e adicación extraordinaria derivada da acumulacion temporal de dous postos de traballo por motivos de urxencia, autorizada pola Alcaldía, tra-lo informe da Xunta de Persoal, por importe equivalente ó complemento de destino do posto acumulado.*

*Segundo os datos obrantes no Servizo de Persoal, a funcionaria Cristina Gomez Garcia disfrutou de asuntos propios dende o día 26 de decembro de 2006 ao 3 de xaneiro de 2007, e do 8 ao 11 do mesmo mes. Do 23 ao 29 de Xaneiro de 2007 a devandita funcionaria esgotou os días correspondentes as súas regulamentarias vacacions correspondentes ao ano 2006.*

*O complemento de destino do posto 59, Técnico de actividades culturais e educativas, no ano 2007 é de 704.28 €, polo que polo período comprendido entre o 26 de decembro de 2006 e o 15 de xuño de 2007 corresponderíalle o aboamento da cantidade de 3591,83 €*

*Consecuentemente, sométese a consideración da Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral, a seguinte PROPOSTA:*

*“ Recoñecer e aboar a funcionaria Cristina Gomez Garcia, con nº de persoal 78121, a cantidade de 3591,83€, en concepto de produtividade por acumulacion temporal de dous postos correspondente o período comprendido entre o 26 de decembro de 2006 e o 15 de xuño de 2007.”*

#### *Acordo*

*A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.*

#### **78(1510).- PRODUCTIVIDADE POR ACUMULACIÓN DE FUNCÍONS A D. CARLOS PÉREZ RODRÍGUEZ. EXPTE. 17390/220.**

*Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 30.07.07, dáse conta do informe proposta da técnica de Recursos Humanos, do 2.07.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo Excmo. Alcalde, que di o seguinte:*

*Por Resolución do 1º Tenente Alcalde , de data 9 de xaneiro de 2007, ordease a encomenda temporal de funcións de inspector auxiliar de sanidade ao funcionario D Carlos Perez Rodriguez, con DNI 36.066.924-A e nº de persoal 22964, con posto de oficial conductor adscrito ao Parque Mobil e que desempeña as súas funcións na Xerencia de Urbanismo. Dita encomenda de funcións atribuese ata o día 1 de marzo de 2007.*

*Con data 29 de xuño de 2007 recíbese na Unidade de Persoal a solicitude de aboamento dun complemento de produtividade correspondente á acumulacion de funcións de dito funcionario.*

*De conformidade co disposto no artigo 23.3.c) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para Reforma da Función Pública, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As vixentes Instrucións de plantilla, aprobadas en acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/05/2005, regulan os supostos nos que se produce o dereito á percepción do devandito concepto retributivo.*

*As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.*

*Corresponde ao Pleno da Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade, e á Xunta de Goberno Local a aprobación e a asignación individual do mesmo, con arranxo ó establecido na Lei 7/ 85, de 2 de abril (artigo 127.1.h)*

*De conformidade coas Instrucións de Plantilla vixentes, no seu apartado terceiro a) con cargo o complemento de produtividade se retribuirá o especial rendemento e actividade e adicación extraordinaria derivada da acumulacion temporal de dous postos de traballo por motivos de urxencia, autorizada pola Alcaldía, tra-lo informe da Xunta de Persoal, por importe equivalente ó complemento de destino do posto acumulado.*

*Según os datos obrantes no Servizo de Persoal, o funcionario Carlos Perez Rodríguez non disfrutou de permiso retribuído ou vacacions así como non tivo ningunha baixa por incapacidade temporal no período comprendido entre o 9 de xaneiro e o 1 de marzo de 2007.*

*O complemento de destino do posto 59 (CD 18), Inspector Auxiliar de sanidade, no ano 2007 é de 398,21 € /mensuais, polo que polo período comprendido entre o 9 de xaneiro e o 1 de marzo de 2007 o aboamento da cantidade de 676,95 €*

*Consecuentemente, sométese a consideración da Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral e da Xunta de Persoal, a seguinte PROPOSTA:*

*“ Recoñecer e aboar ó funcionario Sr. D Carlos Perez Rodriguez, Oficial Conductor do Parque Mobil que ven desenvolvendo as súas funcións na Xerencia Municipal de Urbanismo, a cantidade de 676,95 €, en concepto de produtividade por acumulacion temporal de dous postos correspondente o período comprendido entre o 9 de xaneiro ao 1 de marzo de 2007.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **79(1511).- RECURSO DE ALZADA INTERPOSTOS CONTRA ACORDOS ADOPTADOS POLOS TRIBUNAIS CUALIFICADORES EN RELACIÓN Á PROVISIÓN DE 4 PRAZAS DE SUBOFICIAL E 4 PRAZAS DE CABO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS (PROMOCIÓN INTERNA) EXPTE. 17372/220.**

Dáse conta do informe do titular da Asesoría Xurídica, do 27.07.07, en relación cos recursos de alzada interpostos por distintos interesados contra as resolucións dos tribunais encargados de xulgar as probas selectivas para cubrir, polo procedemento de promoción interna, catro prazas vacantes de suboficial e

catro prazas vacantes de cabo, do servizo de extinción de incendios, incluídas na oferta de emprego público correspondente ó ano 2005, polo que solicitan a suspensión dos actos impugnados:

*Unha das características fundamentais do acto administrativo é a súa executoriedade, recollida no artigo 57 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

*En aplicación dela, o artigo 111 do referido texto legal recolle o principio fundamental de que, excepto nos casos nos que unha disposición estableza o contrario, a interposición dun recurso Contencioso-Administrativo non suspenderá a execución deste. Isto é, a eficacia executiva do acto administrativo non queda enervada pola interposición dun recurso administrativo nin xudicial. O acto recorrido seguirá producindo todos os seus efectos.*

*Non obstante o anteriormente dito, o propio Artigo 111 regula expresamente as excepcións ó referido principio xeral, excepcións, que como toda norma limitativa de dereitos, debe ser interpretada restrictivamente. É dicir, ciónéndose única e exclusivamente ó suposto expresamente recollidos nela.*

*A este respecto, o nº 2 do repetido Artigo 111 da LRXAPPAC, prevé que “o órgano ó que lle competa resolver o recurso, logo de ponderación, suficientemente razoada, entre o prexuízo que a suspensión causaría ó interese público ou a terceiros e o prexuízo que se lle causa ó recorrente como consecuencia da eficacia inmediata do acto obxecto de recurso, poderá suspender, de oficio ou por solicitude do recorrente, a execución do acto impugnado cando concorran algunha das seguintes circunstancias: ....a) que a execución poidera causar prexuízos de imposible ou difícil reparación”*

*Para determinar os supostos nos que a suspensión pode supor prexuízos de imposible ou difícil reparación, debemos acudir á valoración económica destes e cando os prexuízos non sexan evaluables en termos económicos ou cando da valoración resulte que a reparación que debería facerse suporía un maior custo que a suspensión, esta debe ser acordada.*

*Por todo o anterior, tendo en conta o número de afectados polas resolucións recorridas, o interese público implícito na convocatoria e o prexuízo que podería derivarse para ós recorrentes, perfectamente evaluable economicamente e polo tanto perfectamente resarcible, esta Asesoría entende que non se dan nos expedientes referenciados os requisitos esixidos na lexislación aludida para xustificar as suspensións das resolucións recorridas solicitadas polos recorrentes.*

Con data 30.07.07 a xefa da Unidade de Persoal emite o seguinte escrito:

*Tendo sido recibidos en data 27.07.2007 (13;56h) os informes emitidos polo Sr. Titular da Asesoría Xurídica Municipal en relación co asunto de referencia, e considerando que nos recursos presentados se solicitaba a suspensión da execución dos acordos impugnados, estímase procedente remitir con carácter urxente os expedientes administrativos á Xunta de Goberno local, coa finalidade de que se proceda a acordar a desestimación dos recursos presentados consonte ó contido dos informes citados.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local acorda desestimar os recursos presentados consonte ó contido dos informes citados.

**80(1512).- NOMEAMENTO DUN AUXILIAR ADMINISTRATIVO COMO PERSOAL EVENTUAL DA ALCALDÍA ADSCRITO Ó VALEDOR DO CIDADÁN.**

A Xunta de Goberno local retira este punto da orde do día.

**81(1513).- AXUDAS REHABILITACIÓN VIVENDAS NO CASCO VELLO (7ª FASE). EXPTE. 2590/407**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director dos Servizos Centrais, do 24.07.07, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, que di o seguinte:

*Con data 23 de xullo de 2007 e o conforme do Concelleiro Delegado de Cascos Históricos, a Directora da Oficina de Rehabilitación realizou o seguinte informe-proposta, dirixido á Comisión de Avaliación reunida e integrada consonte ó establecido pola Ordenanza municipal reguladora das axudas para a rehabilitación de edificios e vivendas nas Áreas de Rehabilitación Integrada do Casco Vello de Vigo e Bouzas (BOP do 4 de decembro de 2006).:*

“

**I. FEITOS/ANTECEDENTES**

1. *O 24.11.1999 asínase o "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O IGVS E O CONCELLO DE VIGO EN MATERIA DE ACTUACIÓN NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO CASCO VELLO DE VIGO", no marco do Plan de Vivenda 1998-2001, ao abeiro do RD.1186/1998, do 12 de xuño e do D.345/1998, do 20 de novembro. O 24.11.2000, 02.08.2001, 11.12.02, 14.07.03 e o 26.02.04 asínanse a Segunda, Terceira, Cuarta, Quinta e Sexta fase, respectivamente, do convenio.*
2. *O 27.04.06 asíanase a Septima fase para 20 actuacións, en nº de vivendas, no barrio histórico de Vigo. O orzamento total das actuacións de rehabilitacións previstas estableceuse en 286.000 euros do cal o Ministerio de Vivenda e a Consellería da Vivenda achegan un financiamento a fondo perdido de 156.000 e 130.000 euros respectivamente. A data límite para a realización das actuacións protexidas establécese no 31 de decembro de 2008, prorrogábel mediante acordo da Comisión Bilateral de Seguemento, si chegado o seu termino existiesen razóns que así o esixesen.*
3. *Para a xestión das axudas correspondentes á 7ª Fase, estableceuse o 01 de outubro de 2007 como data final para presentar novas solicitudes de axuda, ata esa data podense presentar novas solicitudes sempre que remataen as obras na data estipulada nos convenios.*
4. *En data 11.04.2000 resólvese o concurso para a contratación dunha asistencia técnica encargada da creación e posta en marcha da Oficina Municipal Xestora de Rehabilitación da Vivenda en Vigo. Esta Oficina de Rehabilitación, integrada organicamente na Xerencia Municipal de Urbanismo, comezou a súa actividade no mes de maio de 2000. Con data 31.05.02 o Presidente da Xerencia Municipal de urbanismo resolve a nova contratación da asistencia técnica encargada da xestión da Oficina Municipal Xestora de Rehabilitación a favor da empresa Consultora Galega S.L. esta asistencia técnica esta prorrogada novamente ata outubro de 2008. A principal función da Oficina de Rehabilitación é xestionar as axudas de rehabilitación previstas nos Convenio e conforme á regulación que establece a Ordenanza municipal correspondente.*

5. En sesión plenaria do 31.08.00 aprobouse definitivamente a "Ordenanza municipal para a regulación das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas da Área de Rehabilitación do Casco Vello de Vigo" (publicada no B.O.P. o 17.10.2000). En data 24.02.03 aprobouse unha modificación desta ordenanza publicada o 10.07.03. En 29.05.06 modificouse novamente a Ordenanza municipal en función do novo Plan Vivenda e unificando criterios para o Casco vello de Vigo e o barrio Histórico de Bouzas. Esta norma regula polo miúdo o desenvolvemento e execución do Convenio conforme aos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade.
6. O 18 de novembro de 2003 publícase no BOE a vixente L.38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, aplicábel ás entidades que integran a Administración local e, en tanto norma reguladora das bases de concesión das subvencións, tense en conta por non estar aínda adaptada a ordenanza reguladora destas axudas á vixente lei.
7. En conformidade co o Capítulo Quinto. Procedemento de Concesión, Artigo 16. Normas xerais da devandita Ordenanza, constituíuse unha comisión de avaliación que reunida en data 23.07.07, é a encargada da selección das actuacións de axudas presentadas.

## II. DEREITO/VALORACIÓN

1. As solicitudes indicadas no listado axunto como " SELECCIONADOS 7ª FASE", para rehabilitar os inmobles, están conforme co esixido na Ordenanza municipal para a regulación das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas da Área de Rehabilitación do Casco Vello de Vigo e Bouzas consta na Oficina de Rehabilitación que presentaron toda a documentación requirida para posibilitar a súa valoración e polo tanto puideron ser consideradas para optar ás axudas correspondentes a este convenio.
2. Ás 30 solicitudes contan coa preceptiva visita técnica, orzamentos, proxecto e licenza de obra e algunhas coa obra xa rematada.
3. O reparto económico proposto e as cantidades adxudicadas provisionalmente son as seguintes:

Tipo de actuación	Actuacións	Contía económica Total das obras	Contía adxudicada*	Total fase 7
Edificio completo	0	0	0	
Vivendas	9	259.217	78.263	
Elementos comúns	20	173.220	67.293	
Vivendas e elementos comúns	1	21.900	10.950	
TOTAL	30	454.336	156.506	
Actuacións Mínimas	20	454.336	156.506	286.000

\*Cantidades provisionais que irán concretándose cada vez máis, segundo se rematan as obras, ao total do importe do convenio.

4. O persoal técnico da Oficina de Rehabilitación examinou os inmobles e os presupostos de obra achegados, polo que se calcularon os Presupostos Protexíbeis (PP) aproximados das obras, algún deles xa aceptados polos servizos técnicos do IGVS- Consellería da Vivenda, os Presupostos Máximos Protexíbeis (PMP), as axudas máximas e as axudas propostas tendo en conta a tramitación de axudas complementarias para esas mesmas obras de inmobles situados en conxuntos históricos galegos- Cédulas de Rehabilitación de Calidade, aínda por determinar. As contías das subvencións son provisionais en tanto non sexan xustificadas as obras mediante facturas orixinais.
5. De incumpriren os prazos fixados na ordenanza ou non atenderen aos requirimentos para completar a documentación, serán substituídos polas seguintes solicitudes en lista de espera segundo o cadro Tramites fase 7.
6. O resto de solicitudes valoradas e non incluídas na "PROPOSTA 7 FASE" quedan incluídas no cadro "tramites 7 FASE" sen contías económicas adxudicadas concretas tanto en cuanto non achen orzamentos, proxectos e licenza, pero que poderán ter contía adxudicada, resultado da aplicación do apartado anterior, ou de ter partida orzamentaria sobrante a medida que o IGVS acepte os presupostos e/ou se rematen as obras seleccionadas provisionalmente.

### III PROPOSTA

Propónse á COMISIÓN DE AVALIACIÓN a adopción do seguinte

#### ACORDO

**PRIMEIRO.-** Aceptar provisionalmente a proposta de selección de actuacións para a 7ª Fase en función da aplicación da Ordenanza de regulación das axudas publicada no BOP o 04.12.06 para a rehabilitación dos inmobles indicados no cadro " Seleccionados 7 FASE".

**SEGUNDO.-** Notificar este acordo aos interesados, dándolle un prazo máximo de 10 días para a presentación de alegacións conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

**TERCEIRO.-** Elevar a proposta provisional da selección das solicitudes de subvencións ao órgano concedente (Xunta de Goberno Local) para a súa aprobación."

O cadro de seleccionados que se achega a este informe-proposta é o seguinte:

Solicitante	Localización	Importe €
JUAN GUERRA	Abeleira Menéndez 1 3º (sol.	10.950
	<b>TOTAL VIVENDA + EL.</b>	<b>10.950</b>
	<b>COM.</b>	
CELESTINO	Real 54 1º (sol. 1065)	12.000
<del>VARELA</del> CARODRES CLAVO	Gamboa 3 1º (sol. 1137)	6.499
<del>RAMERA</del> SOTO	Gamboa 3 2º (sol. 654)	6.499
<del>SMANEIRO</del> GARCÍA	Teófilo Llorente 55 1º (sol.	11.000
<del>CARLOS</del> RADIO	<del>50220</del> Marta 36 E - E (sol.	2.394



<u>Mª del PILAR</u>	<u>Porta do Sol 3 3º (sol. 1213)</u>	10.104
<u>SOTELO MILLÁN</u>	<u>Chao 6 3º A (sol. 1136)</u>	12.000
		12.000
		5.767
	<b>TOTAL VIVENDAS</b>	<b>78.263</b>
		12.906
		20.525
		25.000
		8.862
		67.293
		10.950
	<b>TOTAL VIVENDAS</b>	<b>78.263</b>
		67.293
	<b>TOTAL</b>	<b>156.506</b>

Reunida o propio día 23 de xullo a citada Comisión da Avaliación, acordouse PROPOÑER Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

*PRIMEIRO.- Conceder axudas, por un importe total de 156.506 euros, para actuacións correspondientes á 7ª Fase do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Consellería de Vivenda na Área de Rehabilitación “Casco Vello de Vigo”, en función da aplicación da Ordenanza de regulación das axudas, publicada no BOP o 04.12.06, e para a rehabilitación dos inmobles indicados no cadro que antecede a esta proposta, que inclúe unha relación de solicitantes que comeza con Juan Guerra Pérez e remata con Julián Alfonso Pérez Gómez. A concesión das devanditas axudas económicas quedará condicionada ó pleno cumprimento dos requisitos fixados na citada ordenanza.*

*SEGUNDO.- Notificar este acordo aos interesados, dándolle un prazo máximo de 10 días para a presentación de alegacións conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).*

*TERCEIRO.- Solicitar da Consellería de Vivenda e Solo o aboamento da anualidade de 2007 consonte ó establecido no punto 5º do “ACORDO DA COMISIÓN BILATERAL CELEBRADA O 23 DE ABRIL DE 2007, RELATIVA Ó AREA DE REHABILITACIÓN DO CASCO HISTÓRICO DE VIGO (PONTEVEDRA), PROGRAMA 2006, NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (PLAN DE VIVENDA ESTATAL 2005-2008)” asinado o 23 de abril de 2007 en A Coruña entre o Ministerio de Vivienda do Estado, a Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**82(1514).- AXUDAS REHABILITACIÓN VIVENDAS NO BARRIO HISTÓRICO DE BOUZAS (2ª FASE). EXPTE. 2591/407**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director dos Servizos Centrais, do 24.07.07, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, que di o seguinte:

*Con data 23 de xullo de 2007 e o conforme do Concelleiro Delegado de Cascos Históricos, a Directora da Oficina de Rehabilitación realizou o seguinte informe-proposta, dirixido á Comisión de Avaliación reunida e integrada consonte ó establecido pola Ordenanza municipal reguladora das axudas para a rehabilitación de edificios e vivendas nas Áreas de Rehabilitación Integrada do Casco Vello de Vigo e Bouzas (BOP do 4 de decembro de 2006):*

**"I. FEITOS/ANTECEDENTES:**

- 1. O 26.02.04 asínase o "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O IGVS E O CONCELLO DE VIGO EN MATERIA DE ACTUACIÓN NA ÁREA DE REHABILITACIÓN NO BARRIO HISTORICO DE BOUZAS", no marco do Plan de Vivenda 2002-2005, ao abeiro do RD.1/2002, do 11 de xxaneiro e do D.199/2002, do 6 de xuño, correspondente aos obxectivos para o ano 2003.*
- 2. O 27.04.06 asíanase a Segunda fase para 25 actuacións, en nº de vivendas, no barrio histórico de Bouzas. O orzamento total das actuacións de rehabilitacións previstas estableceuse en 357.500 euros do cal o Ministerio de Vivenda e a Consellería da Vivenda achegan un financiamento a fondo perdido de 195.000 e 162.500 euros respectivamente. A data límite para a realización das actuacións protexidas establécese no 31 de decembro de 2008, prorrogábel mediante acordo da Comisión Bilateral de Seguemento, si chegado o seu termino existiesen razóns que así o esixesen.*
- 3. Para a xestión das axudas correspondentes á 7ª Fase, estableceuse o 01 de outubro de 2007 como data final para presentar novas solicitudes de axuda, ata esa data podense presentar novas solicitudes sempre que remataen as obras na data estipulada nos convenios.*
- 4. En data 11.04.2000 resólvese o concurso para a contratación dunha asistencia técnica encargada da creación e posta en marcha da Oficina Municipal Xestora de Rehabilitación da Vivenda en Vigo. Esta Oficina de Rehabilitación, integrada organicamente na Xerencia Municipal de Urbanismo, comezou a súa actividade no mes de maio de 2000. Con data 31.05.02 o Presidente da Xerencia Municipal de urbanismo resolve a nova contratación da asistencia técnica encargada da xestión da Oficina Municipal Xestora de Rehabilitación a favor da empresa Consultora Galega S.L. esta asistencia técnica esta prorrogada novamente ata outubro de 2008. A principal función da Oficina de Rehabilitación é xestionar as axudas de rehabilitación previstas nos Convenio e conforme á regulación que establece a Ordenanza municipal correspondente.*
- 5. En data 24.02.03 aprobouse unha modificación da ordenanza publicada o 10.07.03. En 29.05.06 modificouse novamente a Ordenanza municipal en función do novo Plan Vivenda e unificando criterios para o Casco vello de Vigo e o barrio Historico de Bouzas. Esta norma regula polo miúdo o desenvolvemento e execución do Convenio conforme aos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade.*
- 6. O 18 de novembro de 2003 publícase no BOE a vixente L.38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, aplicábel ás entidades que integran a Administración local e, en tanto norma*

reguladora das bases de concesión das subvencións, tense en conta por non estar aínda adaptada a ordenanza reguladora destas axudas á vixente lei.

6. En conformidade co o Capítulo Quinto. Procedemento de Concesión, Artigo 16. Normas xerais da da devandita Ordenanza, constituíuse unha comisión de avaliación que reunida en data 23.07.07, é a encargada da selección das actuacións de axudas presentadas.

## II. DEREITO/VALORACIÓN

1. As solicitudes indicadas no listado axunto como "SELECCIONADOS 2ª FASE", para rehabilitar os inmobles, están conforme co esixido na Ordenanza municipal para a regulación das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas da Área de Rehabilitación do Casco Vello de Vigo e Bouzas consta na Oficina de Rehabilitación que presentaron toda a documentación requirida para posibilitar a súa valoración e polo tanto puideron ser consideradas para optar ás axudas correspondentes a este convenio.
2. As 31 solicitudes contan coa preceptiva visita técnica, orzamentos, proxecto e licenza de obra e algunhas coa obra xa rematada.
3. O reparto económico proposto e as cantidades adxudicadas provisionalmente son as seguintes:

Tipo de actuación	Actuacións	Contía económica total das obras	Contía adxudicada *	Total fase 2
Edificio completo	0	0	0	
Vivendas	4	56.295	26.149	
Elementos comúns	27	64.787	20.103	
Comúns e vivendas	0	0	0	
<b>Total</b>	31	<b>121.083</b>	46.252	
Actuacións mínimas	25		46.252	357.500

\*Cantidades provisionais que irán concretándose cada vez máis, segundo se rematan as obras.

4. O persoal técnico da Oficina de Rehabilitación examinou os inmobles e os presupostos de obra achegados, polo que se calcularon os Presupostos Protexíbeis (PP) aproximados das obras, algún deles xa aceptados polos servizos técnicos do IGVS- Consellería da Vivenda, os Presupostos Máximos Protexíbeis (PMP), as axudas máximas e as axudas propostas tendo en conta a tramitación de axudas complementarias para esas mesmas obras de inmobles situados en conxuntos históricos galegos- Cédulas de Rehabilitación de Calidade, aínda por determinar. As contías das subvencións son provisionais en tanto non sexan xustificadas as obras mediante facturas orixinais.

5. De incumpriren os prazos fixados na ordenanza ou non atenderen aos requirimentos para completar a documentación, serán substituídos polas seguintes solicitudes en lista de espera segundo o cadro "Tramites Fase 2"
6. O resto de solicitudes valoradas e non incluídas na "PROPOSTA 2 FASE" quedan incluídas no cadro "Tramites fase 2" sen contías económicas adxudicadas concretas tanto en canto non achegen orzamentos, proxectos e licenza, pero que poderan ter contaia adxudicada, resultado da aplicación do apartado anterior, ou de ter partida orzamentaria sobrante a medida que o IGVS acepte orzamentos eou se rematen as obras seleccionadas provisionalmente.

### III PROPOSTA

Proponse á COMISIÓN DE AVALIACIÓN a adopción do seguinte

#### ACORDO

**PRIMEIRO.-** Aceptar provisionalmente a proposta de selección de actuacións para a 2ª Fase en función da aplicación do baremo aprobado na Ordenanza de regulación das axudas publicada no BOP o 04.12.06 para a rehabilitación dos inmobles indicados no cadro "SELECCIONADOS 2 FASE".

**SEGUNDO.-** Notificar este acordo aos interesados, dándolle un prazo máximo de 10 días para a presentación de alegacións conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

**TERCEIRO.-** Elevar a proposta provisional da selección das solicitudes de subvencións ao órgano concedente (Xunta de Goberno Local) para a súa aprobación."

O cadro de seleccionados que se achega a este informe-proposta é o seguinte:

Solicitante	Localización	Importe €
ALBERTO ALONSO GONZÁLEZ	Camilo Veiga 16 1º	7.973
HUMBERTO GONZÁLEZ MARTÍNEZ	Cruceiro 16010 3	8.473
Mª LOURDES LAGO LIÑARES	Tom (so Al 226) 234	6.703
JOSÉ GONZÁLEZ IGLESIAS	Sebastián El 861 no 1	3.000
	<b>TOTAL VIVENDAS</b>	<b>26.149</b>
Mª ELENA SÁNCHEZ RODRIGUEZ	Alfredo Brañas 9	3.086
ANTONIO RUIZ FRANCO	(so Al 169 Mart 2) 1	4.170
FÉLIX FERNÁNDEZ LALÍN	Polígono 20 re 2206	3.110
ALFONSO DE LA CALLE MARTÍNEZ	T (so Al 190 28 206) 1.	1.767
CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ	San 16 305 (306)	7.970
	<b>TOTAL</b>	<b>20.103</b>
	<b>TOTAL VIVENDAS</b>	<b>26.149</b>

		20.103
	TOTAL	46.252

Reunida o propio día 23 de xullo a citada Comisión da Avaliación, ACORDOUSE PROPOÑER Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

*PRIMEIRO.- Conceder axudas, por un importe total de 46.252 euros, para actuacións correspondientes á 2ª Fase do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Consellería de Vivenda na Área de Rehabilitación “Barrio Histórico de Bouzas”, en función da aplicación da Ordenanza de regulación das axudas, publicada no BOP o 04.12.06, e para a rehabilitación dos inmobles indicados no cadro que antecede a esta proposta, que inclúe unha relación de solicitantes que comenza con Alberto Alonso González e remata con Carmen Pérez González. A concesión das devanditas axudas económicas quedará condicionada ó pleno cumprimento dos requisitos fixados na citada ordenanza.*

*SEGUNDO.- Notificar este acordo aos interesados, dándolle un prazo máximo de 10 días para a presentación de alegacións conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).*

*TERCEIRO.- Solicitar da Consellería de Vivenda e Solo o aboamento da anualidade de 2007 consonte ó establecido no punto 5º do “ACORDO DA COMISIÓN BILATERAL CELEBRADA O 23 DE ABRIL DE 2007, RELATIVA Ó AREA DE REHABILITACIÓN DO CASCO HISTÓRICO DE VIGO-BOUZAS (PONTEVEDRA), PROGRAMA 2006, NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (PLAN DE VIVENDA ESTATAL 2005-2008)” asinado o 23 de abril de 2007 en A Coruña entre o Ministerio de Vivienda do Estado, a Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **83(1515).- CESIÓN DUNHA PARCELA EN BOUZAS PARA CENTRO DE SAÚDE. EXPTE. 4739/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 4.07.07, asinado polo técnico de Admón. Xeral do servizo de Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo e polo director da oficina de planeamento e xestión, e conformado pola delegada da Área de Urbanismo e Vivenda, que di o seguinte:

*O 3.06.05 o Servizo Galego de Saúde mostra a súa conformidade á proposta do Concello de aceptación de cesión das parcelas sita na rúa Ferreiros (nº 3, 4 e 7), esquina Alameda de Suárez Llanos para a ubicación dun centro de saúde en Bouzas.*

*O Consello da Xerencia municipal de urbanismo acordou o 30.11.06 o seguinte: “(...) 1.- Adquirir directamente a parcela descrita a parcela descrita nos antecedentes sita na rúa dos Ferreiros –número 3, 5 e 7- esquina Alameda de Suárez Llanos, parroquia de Bouzas), propiedade de don Jose Antonio Abadía Pérez, dona María del Carmen Abadía Pérez e dona María-Dolores Pérez Suárez, por importe de 669.111,95 (...)”.*

A compravenda foi formalizada o 29.12.06 ante o Notario don Jose Antonio Somoza Sánchez (protocolo 3.263). A mesma consta inscrita no número tres do Rexistro da Propiedade número tres de Vigo, no tomo 2216, libro 1281, folio 94, inscrición segunda.

O 20.02.07 o Vicepresidente da Xerencia municipal de urbanismo dictou providencia de incoación de expediente cesión gratuita ó Servicio Galego de Saúde conforme o procedemento previsto no artigo 109 e seguintes do real decreto 1372/86, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das Corporacións Locais.

En data 23.02.07 o director adxunto da oficina de planeamento e xestión informou ó abeiro da letra d do 110.1 do real decreto 1372/86, de 13 de xuño, o seguinte: "(...)Á vista do contido da providencia de data 20 de febreiro de 2007, esta oficina técnica informa que as parcelas situadas na rúa dos Ferreiros, nº 3, 5 e 7, esquina á Alameda de Suárez Llanos da parroquia de Bouzas figuran con respecto ó Pxou vixente aprobado definitivamente o 29 de abril de 1993, incluídas no plan especial de protección e reforma interior de Bouzas, con aprobación definitiva polo pleno de data 30 de setembro de 2002, en solo clasificado como urbano consolidado da manzana 31. Con respecto á situación urbanística dos terreos, o correspondente ó número 7 da rúa dos Ferreiros figura como de edificación pechada incluíndo entre os usos permitidos os dotacionais entre o que se encontra o uso sanitario. O correspondente ós números 3 e 5 da rúa dos Ferreiros figuran no ámbito da actuación illada nº 1 (AA1), e coas seguintes determinacións:

- Superficie: 382,17 m<sup>2</sup>
- Obxectivos: Obter un Centro de día para a 3ª idade
- S. Actuación: Expropiación.
- Órgano actuante: Concello
- Instrumento de xestión: Proxecto de expropiación

En canto á necesidade dos terreos por parte do Concello, unha vez que os mesmos non están pendentes de planeamento de desenvolvemento e foron obtidos na súa totalidade por compra do Concello e que na maior parte da súa superficie estaban comprendidos nunha actuación illada e a obter por expropiación e con destino a dotación local, podese afirmar que os referidos terreos non son necesarios para o Concello nin é previsible que o sexan nos prazos a que se fai referencia (...)"

Así mesmo o interventor xeral informou o 26.02.07 o seguinte: "Aos efectos da cesión da titularidade da parcela sita na rúa Ferreiros nº 3, 5 e 7 á Consellería de Sanidade para a ubicación dun centro de saúde, ao abeiro do previsto na letra d, punto 1, do artigo 110 do real decreto 1372/86, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das Corporacións locais, infórmase que non existe débeda pendente de liquidación con cargo ao orzamento municipal (...)"

Por resolución do Vicepresidente da Xerencia municipal de urbanismo de 28.02.07 se procedeu a apertura dun trámite de información pública por un prazo de vinte días. O anuncio foi publicado no BOP do 16.03.07 e no Taboleiro de anuncios da XMU.

De acordo co certificado polo secretario da XMU, durante o antedito prazo non se presentaron alegacións.

#### FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.-Natureza xurídico do inmovible que se cede e integración do mesmo no Patrimonio municipal do solo.- O solar adquirido por acordo do Consello da Xerencia municipal de urbanismo de 30.11.06 e formalizado en escritura pública o 13.02.07 ante o Notario don Jose A. Somoza Sánchez, ten natureza patrimonial. De acordo co

estabrecido no artigo 176 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, está integrado dentro do patrimonio “separado” ou “diferenciado” municipal do solo (en adiante PMS).

2.-Destino dos bens integrantes no Patrimonio municipal do solo.- De acordo co previsto con carácter básico pola Lei 8/07, de 10 de maio (artigos 33 e seguintes) os bens integrados no PMS deben necesariamente ser destinados á construción de vivendas sometidas a algún réxime de protección pública ou outros usos de interese social. O artigo 177 da Lei 9/02, de 30 de decembro especifica os destinos posibles sendo perfectamente compatibles co novo contido do precepto básico previsto no artigo 34 da Lei 8/07, de 10 de maio. Entreoutras se prevé a utilización dos bens integrantes no PMS en actuacións dotacionais, sistemas xerais ou outras actividades de interese social (letra c, apartado 1 do artigo 177 da Lei 9/02).

3.- Cumprimento do procedemento previsto legalmente para a cesión de bens inmobles a título gratuito.- Estabrece o apartado segundo do artigo 109 do real decreto 1372/86, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das Corporacións Locais que os bens inmobles patrimoniais non poderán cederse gratuitamente a Entidades ou Institucións públicas para fins que redunden en beneficio dos habitantes do término municipal, así como a institucións privadas sen ánimo de lucro. O artigo seguinte (110) regula o procedemento para a adopción do acordo de cesión gratuita que se plantexa. De tal xeito, consta no expediente:

- Xustificación da solicitude por parte do Servicio Galego de Saúde (División recursos económicos) da cesión do solar para a ubicación dun Centro de Saúde.
- Constancia da inscrición no Rexistro número tres de Vigo (Tomo 2216, libro 1281, folio 94, inscrición 2ª).
- Informe do Interventor Xeral no que se constata a inexistencia de débedas pendentes de liquidación con cargo o orzamento municipal.
- Informe do director adxunto da oficina de planeamento e xestión polo que se asevera que os bens non están comprendidos nun plan de ordenación, reforma ou adaptación e non son necesarios para a Entidade Local.
- Xustificación da apertura dun trámite de información pública e audiencia ó Sergas.

Así mesmo, consta no expediente copia do certificado do acordo do Consello da XMU de 30.11.06 no que se adquiriu directamente a parcela e a súa consecvente inclusión no vindeira revisión do Inventario de bens da Corporación. De acordo co previsto no artigo 111.2 do real decreto 1372/86, de 13 de xuño, deberán ser destinados ó fin para o que se ceden no prazo de 5 anos, debendo materse o seu destino durante os trinta anos seguintes. Noutro caso o ben cedido revertirá ó Patrimonio municipal con todas as súas pertenzas e accesións.

4.-Implicacións tributarias do acordo de cesión da titularidade.- .- Tanto a Xurisprudencia como a Doctrina, considera na actualidade que o Concello actúa como un empresario máis para os efectos do IVA. A Dirección Xeral de Tributos, considera que as entregas de parcelas ou terreos por entes públicos se realizan no exercicio duha actividade profesional ou empresarial (p. ex. Contestación á consulta de 18 de febreiro de 2001 -JUR 2001, 192238-), nos seguintes supostos: 1. Cando as parcelas ou terreos transmitidos estivesen afectos a unha actividade empresarial ou profesional desenvolvida por un ente público; 2.- Cando as parcelas ou os terreos transmitidos foran urbanizados polo Concello; 3. Cando a realización das propias transmisións de parcelas ou terreos efectuadas polo ente público determinasen, por sí mesmas, o desenvolvemento dunha actividade empresarial, al implicar a ordenación dun conxunto de bens personais e materiais para intervir na produción e distribución de bens e servizos, asumindo o risco e ventura que poidera producirse no desenvolvemento da actividade. Todo elo pese a que nun principio a propia Sexta Directiva comunitaria exclúe da consideración de suxeito pasivo do IVE ós entes públicos cando exerzan funcións públicas. Non obstante, o artigo 4.5 da aludida Sexta Directiva establece que necesariamente deberán considerarse como suxeito pasivo sempre e cando a actividade pública poidera producir distorsións na competencia. Neste caso non se dan as notas necesarias para

apreciar que o Concello actúa como un empresario. O Concello adquiriu a parcela que se cede actualmente, tralo acordo de adquisición directa a un particular co específico destino de ser cedida ó Servicio Galego de Saúde para a construción dun centro de saúde. A parcela por ser de natureza patrimonial e se integra no patrimonio municipal do solo. O Concello non actúa neste caso como un empresario máis intervindo no mercado inmobiliario senón coa finalidade de obtención de dotacións públicas (artigo 33.1 da Lei 8/07, de 10 de maio). Non obstante, o apartado 8º do artigo 8º da Lei 37/92, de 28 de decembro, reguladora do IVE prevé un suposto de non suxeción cando se trate de entregas de bens sen contraprestación. En conclusión, o negocio xurídico dimanante do presente acordo, deberá ter unicamente transcendencia para os efectos do imposto de transmisións patrimoniais regulado polo real decreto legislativo 1/93.

5.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- De acordo co establecido no artigo 127.1.f da Lei 7/85, de 2 de abril, pola que se aproba a Lei de bases de réxime local, a competencia para a adopción do presente acordo está atribuída á Xunta de Goberno Local. Con carácter previo, deberá recabarse informe de fiscalización. Do acordo que se adopte deberá darse conta á Administración autonómica o abeiro do disposto no artigo 79.1 do real decreto legislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local.

Por todo elo, á vista do informado, tendo en conta o previsto no artigo 109 do real decreto 1372/86, de 13 de xuño, SE PROPOÑE A SEGUINTE RESOLUCIÓN:

1.- Acordar a cesión gratuita do solar sito na rúa dos Ferreiros (números 3, 5 e 7-esquina Alameda de Suárez Llanos, parroquia de Bouzas) ó Servicio Galego de Saúde para a construción dun centro de saúde. A parcela ten unha superficie real e rexistral de 436 m<sup>2</sup>.

2.-Notificar o presente acordo ós interesados comunicando que contra o mesmo caberá interpoñer con carácter postestativo recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou, contencioso-administrativo no prazo de dous meses dende perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.

3.- Dar conta da presente cesión á Administración Autonómica o abeiro do artigo 79.1 do real decreto legislativo 781/86, de 18 de abril.

4.- Dar de baixa do inventario de bens da Corporación a parcela en cuestión, tendo en conta que mantén a condición de revertible.

5.- Facultar ó Sr. Alcalde para a asistencia e sinatura da escritura pública de cesión do inmovible.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.



**84(1516).- MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A COMUNIDADE DE MONTES EN MAN COMÚN DE CANDEÁN PARA CESIÓN DUNHA PARCELA NO MONTE VIXIADOR. EXPTE. 51568/250.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras, do 24.07.07, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 21 de maio de 2007 aprobou o Convenio entre o Concello e a Comunidade de Montes de Candeán para que a citada Comunidade de Montes cedese ó Concello unha parcela de 1.050 m2. no Monte Vixiador para a construción dun depósito para o abastecemento de auga ás zonas altas das parroquias de Candeán e Cabral .*

*Sin embargo o non existir crédito para o gasto que o convenio inclúe para o Concello segundo consta na Cláusula Segunda.b) do mesmo : “ Redactar o proxecto técnico e acometer as obras precisas....”, foi preciso negociar coa Comunidade de Montes de Candeán a modificación de dito convenio nos puntos I e III do Expoñendo e a Cláusula Segunda.b)*

*Asi mesmo aproveitaríase para modifica-lo Convenio tal como se indica no informe do Xefe de Recursos e Asesoramento de 16 de maio de 2007 no que respecta ó Expoñendo do mesmo.*

*Polo tanto dito Convenio nos apartados indicados quedaría redactado do seguinte xeito:*

*Expoñendo I.-* “ *Que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 26 de de decembro de 2006 adxudicou á Unión Temporal de Empresas formada por Hidroestructuras, S.L. ( 50 % ) e Hidroscivil, S.L. ( 50 % ) o concurso para a contratación da execución das obras do proxecto de “Abastecemento de Cabral e Candeán. Fase 1: depósito do Monte Vixiador” por importe de 471.318 euros, segundo proxecto redactado por CIÍSA ao efecto .*

*No obstante o estar as obras previstas emplazadas en terreos da Comunidade de Montes de Candeán non poden iniciarse ao non poder poñer o Concello os terreos a disposición do contratista.*

*Por isto o Concello dirixíuse á Comunidade de Montes de Candeán para que accedese a ceder a parcela de 1.050 m2. da súa titularidade no Monte Vixiador, necesaria para executar as obras ”*

*Expoñendo III .-* “ *Que asimesmo a Comunidade de Montes de Candeán está interesada na rehabilitación e construción dun edificio para fins culturais e recreativos sempre que obteña a autorización e os permisos oficiais necesarios e, en reunión celebrada o día 13 de decembro de 2006 tamén aprobou este instrumento co cuorum previsto no artigo 18.1 da Lei 13/1989 de 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común, facultando ao seu Presidente para a sinatura ( adxúntase copia do acordo)*

*En dito Acordo figura que se cede unha superficie de ata 1.100 m2., cando segundo o proxecto son precisos 1.050 m2. ”*

*Cláusula Segunda b).-* “ *Xestionar diante da empresa subministradora de enerxía eléctrica, ou ben acometer polo propio Concello, as obras e instalacións precisas que garantan o subministro de enerxía eléctrica para o correcto funcionamento das instalacións do parque forestal do monte Vixiador cara o desenvolvemento dos fins culturais e recreativos do mesmo ”*

Con elo evitaríase incluír o gasto necesario para elo dentro do presente exercicio e diferilo a un exercicio posterior no que no presuposto se inclúan as cantidades precisas para facerlle fronte o gasto. O Convenio podería ser asinado e as obras para a construción do depósito iniciarse de inmediato.

O asesor Xurídico da Área de Servicios Xerais, con data 23 de xullo de 2007 informa favorablemente estas modificacións

Por todo elo propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Modificar o punto I do Exponendo do Convenio que pasará a contar coa seguinte redacción: “Que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 26 de decembro de 2006 adjudicou á Unión Temporal de Empresas formada por Hidroestructuras, S.L. ( 50 % ) e Hidroscivil, S.L. ( 50 % ) o concurso para a contratación da execución das obras do proxecto de “Abastecemento de Cabral e Candeán. Fase 1: depósito do Monte Vixiador” por importe de 471.318 euros, segundo proxecto redactado por CIÍSA ao efecto .

No obstante o estar as obras previstas emprazadas en terreos da Comunidade de Montes de Candeán non poden iniciarse ao non poder poñer o Concello os terreos a disposición do contratista.

Por isto o Concello dirixíuse á Comunidade de Montes de Candeán para que accedese a ceder a parcela de 1.050 m2. da súa titularidade no Monte Vixiador, necesaria para executar as obras ”

Segundo.- Modificar o punto III do Exponendo do Convenio que pasará a contar coa seguinte redacción: “ Que asimesmo a Comunidade de Montes de Candeán está interesada na rehabilitación e construción dun edificio para fins culturais e recreativos sempre que obteña a autorización e os permisos oficiais necesarios e, en reunión celebrada o día 13 de decembro de 2006 tamén aprobou este instrumento co cuorum previsto no artigo 18.1 da Lei 13/1989 de 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común, facultando ao seu Presidente para a sinatura ( adxúntase copia do acordo).

En dito Acordo figura que se cede unha superficie de ata 1.100 m2., cando segundo o proxecto son precisos 1.050 m2. ”

Terceiro.- Modificar a Cláusula Segunda.b) do Convenio que pasará a contar coa seguinte redacción : “ Xestionar diante da empresa subministradora de enerxía eléctrica, ou ben acometer polo propio Concello, as obras e instalacións precisas que garantan o subministro de enerxía eléctrica para o correcto funcionamento das instalacións do parque forestal do monte Vixiador cara o desenvolvemento dos fins culturais e recreativos do mesmo ”

Cuarto.- Autorizar o Sr. Alcalde- Presidente á sinatura de dito Convenio.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta, quedando o proxecto de convenio redactado do seguinte xeito:

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A COMUNIDADE DE MONTES EN MAN COMÚN DE CANDEÁN

REUNIDOS:

Na cidade de Vigo a ..... de ..... de 2007

REUNIDOS:

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

E doutra, Don Jesús Rodríguez Soto, na súa calidade de Presidente da Xunta Rectora da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Candeán, tal como acredita mediante certificación que se adxunta.

Ambas partes de común acordo

EXPOÑEN:

I.- Que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 26 de decembro de 2006 adjudicou á Unión Temporal de Empresas formada por Hidroestructuras, S.L. ( 50 % ) e Hidroscivil, S.L. ( 50 % ) o concurso para a contatación da execución das obras do proxecto de “abastecemento de Cabral e Candeán. Fase 1: depósito do Monte Vixiador” por importe de 471.318 euros, segundo proxecto redactado por CIÍSA ao efecto .

No obstante o estar as obras previstas emplazadas en terreos da Comunidade de Montes de Candeán non poden iniciarse ao non poder poñer o Concello os terreos a disposición do contratista.

Por isto o Concello dirixíuse á Comunidade de Montes de Candeán para que accedese a ceder a parcela de 1.050 m2. da súa titularidade no Monte Vixiador, necesaria para executar as obras

II.- Que a Xunta de Goberno Local do Concello con data 6 de agosto de 2007 adoptou o acordo cuxa copia se adxunta que aprobou o presente documento e que é preciso suscribir neste intre para que adquira eficacia.

III.- Que asimesmo a Comunidade de Montes de Candeán está interesada na rehabilitación e construción dun edificio para fins culturais e recreativos sempre que obteña a autorización e os permisos oficiais necesarios e, en reunión celebrada o día 13 de decembro de 2006 tamén aprobou este instrumento co quorum previsto no artigo 18.1 da Ley 13/1989 de 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común, facultando ao seu Presidente para a sinatura ( adxúntase copia do acordo).

En dito Acordo figura que se cede unha superficie de ata 1100 m2, cando segundo o proxecto son precisos 1050 m2.

IV.- Que a referida Lei 13/1989 de 10 de outubro, no seu artigo 5 permite ás comunidades de montes en Man Común a cesión de terreos por tempo indefinido ás Administracións Públicas, cando sexan destinados a equipamentos en prol da propia Comunidade e en tanto se manteña o fin para o que foi feita a cesión.

En consecuencia ambas partes suscriben o presente Convenio con arranxo ás seguintes

CLAUSULAS:

Primeira.- Obxeto:

O obxeto do presente Convenio é establecer as condicións para a cesión por parte da Comunidade de Montes en Man Común de Candeán ao Concello de Vigo dunha parcela no Monte Vixiador dunha superficie de 1050 m2, e cos seguintes lindeiros: norte, camiño; sur, este e oeste, outros terreos do Monte Vixiador, tal como se reflicte nos planos de situación e deslinde que se adxuntan como anexo a este Convenio, coa finalidade de que o Concello

execute as obras do proxecto de abastecemento da zona alta de Cabral-Candeán, redactado pola consultora "Consulting e Ingeniería Internacional, S.A." (CIISA).

A cesión faise por tempo indefinido en tanto se manteña o fin para o que se fai.

Segunda.- Compromisos que asumen as partes:

A Comunidade de Montes asume o compromiso de ceder a parcela obxecto deste Convenio que se formalizará en escritura pública e a incluír nos seus orzamentos anuais as cantidades precisas para facer fronte aos gastos de construción do edificio proxectado.

Pola súa parte o Concello asume, a cambio, os seguintes compromisos:

- a) Dirixir as obras de restauración do edificio sito no Monte Vixiador con destino a fins culturais e recreativos, que foi destruído por un incendio e sempre que a Comunidade de Montes solicite e obteña as autorización e permisos oficiais necesarios.
- b) Xestionar diante da empresa subministradora de enerxía eléctrica, ou ben acometer polo propio Concello, as obras e instalacións precisas que garantan o subministro de enerxía eléctrica para o correcto funcionamento das instalacións do parque forestal do Monte Vixiador cara o desenvolvemento dos fins culturais e recreativos do mesmo .
- c) Sufragar todos os gastos e impostos derivados da elevación a escritura pública da cesión da parcela.

Tercera.- Orzamento:

Para o cumprimento das obrigas establecidas na cláusula anterior tanto o Concello como a Comunidade de Montes comprométese a incluír nos seus respectivos orzamentos as cantidades precisas para facer fronte ás obrigas que contraen a través deste documento.

Cuarta.- Duración:

O presente Convenio terá unha duración dun ano, prorrogándose tácitamente en períodos de igual duración en tanto persistan as obrigas ás que se comprometen cada unha das partes neste documento.

Quinta.- Resolución:

Serán causas de resolución deste Convenio as seguintes:

- a) Mútuo acordo das partes.
- b) Incumprimento grave do seu contido.
- c) Finalización do seu obxecto.

Sexta.- Entrada en vigor:

O presente Convenio entrará en vigor e surtirá efectos dende a data na que se asina polas partes intervinentes.

Sétima.- Procedemento de solución de discrepancias:

O presente Convenio conta con natureza administrativa, polo que as discrepancias que poidan prantexarse ao longo da súa execución procurarán resolverse amistosamente entre as partes, para o que poderán recurrir aos procedementos de mediación e arbitraje. De manterse as discrepancias, calquera das partes poderá presentar o correspondente recurso ante os órganos competentes da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

En proba de conformidade ambas partes asinan o presente Convenio e a documentación que o acompaña por duplicado e a un só efecto, no lugar e data indicada no encabezamento.

### **85(1517).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta do Excmo. Alcalde, de data 1.08.07, que di o seguinte:

*De conformidade co art. 127.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL), o órgano de contratación do Concello de Vigo é a Xunta de Goberno Local, a Disposición Adicional Novena 3. do TRLCAP advirte que nas Administracións Locais a Mesa de Contratación estará presidida polo Presidente da Corporación, ou membro da mesma en quen delegue, formando parte dela como vocais o Secretario, o Interventor e aqueles outros que se designen polo órgano de contratación, é dicir, pola Xunta de Goberno Local, actuará como Secretario un funcionario da Corporación. A Disposición Adicional oitava f) da LBRL indica que as funcións que a lexislación sobre contratos das Administracións Públicas asignen ós Secretarios dos Concellos corresponderán ó Titular da Asesoría Xurídica.*

*De conformidade cos preceptos legais citados, e sen prexuízo das delegacións que neste senso se teñen efectuado, proponse á Xunta de Goberno Local, na súa condición de órgano de contratación, a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro.- A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, órgano colexiado de asistencia e proposta en materia contractual, estará integrada polos seguintes membros:*

*Presidente: D. Abel Caballero Alvarez, Alcalde, ou Concelleiro en quen delegue.*

*Vocais: D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez, Concelleira. Suplente: D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez, Concelleira.*

*D. Carlos Comesaña Abalde, Concelleiro. Suplente: D. Antonio Martiño Gómez, Concelleiro.*

*D. Xesús López Carreira, Concelleiro. Suplente: D. Xabier Alonso Pérez, Concelleiro.*

*D. Pablo Figueroa Dorrego, Titular da Asesoría Xurídica. Suplente: D. Francisco González-Yebra Pimentel, Técnico de Administración Xeral e Letrado da Asesoría Xurídica.*

*D. Juan Ramón Gonzalez Carnero, Interventor Xeral. Suplente: D<sup>a</sup> M. Catalina Alfayate Rodríguez, Técnico Medio de Servizos Económicos.*

*Secretario: D. Jose Manuel Vieitez Alen, Xefe de Negociado de Contratación. Actuará como Secretaria suplente en caso de ausencia, vacante ou enfermidade, Dª Sela Bernárdez Gil, Técnica de Administración Especial.*

*Segundo.- En casos de ausencia ou de enfermidade e, en xeral, cando concurra algunha causa xustificada, os membros titulares do órgano Colexiado serán substituídos polos seus suplentes.*

*Terceiro.- Cando así o requira a natureza do contrato a adxudicar o Presidente poderá decidir a incorporación á Mesa de cantos asesores crea conveniente en razón dos seus especiais coñecementos técnicos, sen que teñan a consideración de vocais, sen outra función que a de informar e asesorar en forma non vinculante ós seus compoñentes.*

*Cuarto.- As funcións da Secretaria da Mesa serán as seguintes:*

- a) Recibir, tramitar, preparar e levar o seguimento de tódolos asuntos que haxan de ser tratados pola Mesa.*
- b) Realizar as actuacións precisas para o cumprimento dos acordos adoptados nas distintas sesións.*
- c) Redactar as actas das sesións.*
- d) En xeral, todas aquelas outras funcións que contribúan á consecución dos fins e obxectivos do órgano Colexiado e as que corresponden á Secretaria de acordo co art. 25 da LXPAC.*

*Quinto.- Notificar o presente acordo ós interesados, proceder a súa publicación no BOP e dar conta do mesmo ó Pleno da Corporación na primeira sesión que este órgano realice.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **86(1518).- ASISTENCIA DUNHA DELEGACIÓN OFICIAL COMPOSTA POR 7 PERSOAS VENCELLADAS Ó DEPORTES, TURISMO E Á UNIVERSIDADE DE VIGO Á UNIVERSIADA 2007, EN BANGKOK DO 8 Ó 12 DE AGOSTO. EXPTE. 2162/104.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Turismo, Comercio e Industria, conformado polo concelleiro de dito servizo e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar a asistencia dunha Delegación Oficial composta por 7 persoas vencelladas o deporte, o turismo e a Universidade de Vigo á Universiada 2007 que terá lugar na cidade tailandesa de Bangkok entre os días 8 e 12 de agosto, co obxectivo de acadar a posibilidade de que a cidade de Vigo sexa a sede da Universiada correspondente o ano 2013.

2º.- Autorizar a seguinte relación de gastos con cargo ó presuposto prorrogado para o ano 2007, que se derivan da participación da Delegación Oficial de Vigo na Universiada 2007:

Atencións protocolarias e representativas da Delegación Oficial de Vigo, composta por 7 persoas, a Bangkok para asistencia como observadores a Universiada 2007, con cargo á partida 7510 2260100 do presuposto prorrogado ano 2007	48.800 €
---	----------

3º.- Que os gastos de locomoción e dietas devengados da participación nos devanditos eventos, non quedarán suxeitos ó previsto no Real Decreto 236/88 e que serán sufragados na súa totalidade con cargo ós presupostos municipais, previa acreditación dos mesmos.

4º.- Que en consecuencia, se libre a xustificar a nome de D. Carlos Soto Álvarez, con DNI nº 35.966.988-W a cantidade de 48.800 euros, que deberán ser ingresados na conta habilitada do Departamento de Turismo nº 2080 0000780040246105”

**87(1519).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove e vinte horas. Como secretaria dou fé.